

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de febreiro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día dez de febreiro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(50).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 27 de xaneiro e extraordinaria e urxente do 1 de febreiro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(51).-PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN ÉRGUETE PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES NA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2017. EXPTE. 133030/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de xurídico do 31/01/17 e o informe de fiscalización do 3/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 30/01/17, asinado polo xefe de CEDRO, conformado polo xefe da área de Benestar Social, pola concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Desde o ano 2002, a Asociación Érguete dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias do Plan de Galicia sobre Drogas (na actualidade, Plan de Trastornos Adictivos de Galicia) en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral das persoas en situación de risco de exclusión social. Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico, e que necesitan dun recurso dese tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais. Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluguer, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ao marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención socio-sanitaria. O seguimento da evolución dos usuarios realízase, de forma coordinada, xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Na Orde do 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión.

A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais, e os programas, medidas, e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade.

Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar aos procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade, e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, se establecen liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio aos procesos de incorporación social das persoas con trastornos adictivos, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais. No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a potenciación e coordinación dos recursos residenciais urbanos específicos de atención a drogodependentes, mediante a sensibilización das administracións competentes para a normalización destes recursos e a súa adecuada financiación e a mellora das infraestructuras e os recursos humanos dos recursos xa existentes.

Este tipo de accións teñen un encadre metodolóxico e normativo en instrumentos tales como a Estratexia Europea en materia de loita contra a droga 2013-2020 e os seus Plans de Acción, que contemplan a prevención do consumo de drogas como o ámbito clave de intervención; a Estratexia Nacional, co seu correspondente Plan de Acción, que ademais establece como necesaria a coordinación entre as distintas Administracións. Concretamente, propón accións de coordinación coas administracións locais e promove a elaboración de plans municipais e supramunicipais; ou a propia Lei 2/96, de 8 de maio de Galicia sobre Drogas, fundamentalmente a través dos Títulos I (Da prevención de drogodependencias) e III (particularmente no que atinxe a atribución de competencias, planificación e ordenación, concertos/convenios e coordinación).

A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de CEDRO polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveñada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, propónse o aboamento dun 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

Por todo o exposto con anterioridade, solicítase á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte **ACORDO**:

1. Aprobar a concesión dunha subvención directa á “Asociación de Ayuda al Toxicómano ERGUETE” por importe de 45.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00 - *Conv. Aloxamento alternativo Érguete.*
2. Aprobar o texto do Convenio de Colaboración coa “Asociación de Ayuda al Toxicómano ÉRGUETE” para a realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes na cidade de Vigo para o ano 2017.
3. Aprobar o gasto por un importe de 45.000€ con cargo á aplicación nº 3112.489.00.00 - *Conv. Aloxamento alternativo Érguete.*

Non obstante, esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó TOXICÓMANO ÉRGUETE PARA O PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES – ANO 2017.

En Vigo, ____ de _____ de 2017

COMPARECEN

Dunha parte,
O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, con DNI nº 35.956.947-N, Presidenta da Asociación de Axuda ó Toxicómano “ÉRGUETE”, CIF nº G-36.642.726, con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. M^a del Carmen Avendaño Otero, actuando en representación da Asociación “ÉRGUETE”, segundo así resulta dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011, 20.03.2013 e 11.03.2016).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Asociación Érguete de axuda ó toxicómano é unha organización non gubernamental (ONG) inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 178/91, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior segundo RD.1786/96, do 19 de xullo, e inscrita como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia.

A Asociación Érguete ven desenvolvendo a súa actividade en Vigo, no campo das drogodependencias, levando a cabo diversos programas de axuda que complementan as actividades asistenciais e de incorporación social das Administracións local e autonómica.

Desde o ano 2002 dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias da Rede de Tratamento de Condutas Adictivas en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación socio-laboral das persoas en situación de risco de exclusión social.

Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico e que necesitan dun recurso deste tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais.

Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluguer, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ó marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención sociosanitaria.

O seguimento da evolución dos usuarios realízase de forma coordinada xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a L.7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica.

Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Na Orde do 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión.

A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aprobou a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantíña que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións locais. Deste xeito, no seu Plan de Acción o obxectivo primeiro propoñía optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de plans municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécense liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social das persoas con trastornos adictivos, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria nº 3112.4890000, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 45.000€ a favor da Asociación Érguete.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da L.38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as partes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade dos pisos de apoio á incorporación social para drogodependentes en tratamento na área de Vigo que xestiona a Asociación Érguete.

En base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa esta actividade de Érguete, o Concello de Vigo e a dita Asociación convenían a súa colaboración no ámbito da incorporación social para drogodependentes e a concesión da referida subvención de acordo cos seguintes,

PACTOS

Primeiro.-

A Asociación Érguete comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes e concretamente a:

- Realizar a contratación de persoal técnico para a execución da actividade asistencial, de acordo coa Memoria do programa presentado.
- Asumir a súa xestión xeral.
- Contribuir ó custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo o previsto naquela Memoria.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.

En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación Érguete, unha subvención para o exercicio de 2016 por importe de 45.000€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD. 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Polo período de VIXENCIA do convenio (ano 2017), o Concello de Vigo achegará a cantidade de 45.000€ con cargo á aplicación nº 3112.489.00.00 do vixente exercicio presupostario.

Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:

- O 50% do importe da subvención, á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pagamento anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 15 de novembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo funcionario responsable do programa.

Quinto.-

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada, previa conformidade da Concellería de Política Social, e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dous representantes da Asociación Érguete e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos sociais.

Oitavo.-

A Asociación Érguete comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsables dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

Noveno.-

A Asociación Érguete poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a execución deste programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello.

Décimo.-

A Asociación Érguete comprométese a presentar antes do día 15 de novembro de 2016 xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro xeral do Concello, con destino ós Servizos sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterà memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 - Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ó corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da L.9/2007.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da L.9/2007.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2017.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora, desde o pagamento da subvención e ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa de subvencións públicas en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

3(52).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES SOBRE O RECURSO PRESENTADO CONTRA ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA GRADA DE RÍO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 4051/440.

Dáse conta da proposta de data 6/02/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

Primeiro.- Tomar razón da Resolución nº 130/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 1240/2016, interposto por D. Carlos Alberto González Principe, en nome e representación da ASOCIACIÓN EN DEFENSA DE VIGO, contra o acordo de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da grada de Río do Estadio Municipal de Balaidos, adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o 5 de

decembro de 2016. Na mesma o TACRC inadmite o recurso por falta de lexitimación do recorrente.

Transcríbese a continuación o acordo:

“Primeiro.- Inadmitir por falta de lexitimación, o recurso interposto por D. Carlos Alberto González Príncipe, en nome e representación de ASOCIACIÓN EN DEFENSA DE VIGO, contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de adxudicación do contrato de obras de reforma da grada de Río do Estadio Municipal de Balaidos.

Segundo.- Levantar a suspensión do procedemento de contratación.

Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP”.

Segundo.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(53).-SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA NOVACIÓN DA HIPOTECA DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DA RÚA AREAL, PINTOR COLMEIRO E POLICARPO SÁNZ. EXPTE. 18257/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 3/02/17, asinado pola xefa do servizo de Contratación, e o concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

-Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Lei Hipotecaria, Texto Refundido aprobado por Decreto de 8 de febreiro de 1946 (LH).

-Decreto de 14 de febreiro de 1947 polo que se aproba o Regulamento Hipotecario (RH).

-Prego de cláusulas administrativas particulares para adxudicar mediante concurso público a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de agosto de 2006.(PCAP).

-Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAP).

-Real Decreto de 24 de xullo de 1889, que aproba o Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 21 de maio de 2007, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante XGL), en sesión ordinaria, acordou adxudicar a ELOYMAR TRANVIAS UTE o LOTE 1 da concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro.

Segundo.- En data 11 de febreiro de 2008, a XGL acordou autorizar á ELOYMAR TRANVIAS UTE, a constitución de hipoteca sobre a concesión administrativa outorgada.

Terceiro.- En data 8 de maio de 2008, ELOYMAR TRANVIAS UTE constituíu primeira hipoteca a favor da entidade CAIXAGALICIA (hoxe denominada ABANCA COORPORACION BANCARIA, S.A.), gravando a concesión cun importe de 29 millóns de euros, dos que responden:

- Aparcadoiro de Policarpo Sanz: 13.600.000 euros
- Aparcadoiro da rúa Areal: 10.170.000 euros
- Aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro: 5.230.000 euros.

Cuarto.- D. Eloy García Alvariza, en nome e representación de ELOYMAR TRANVIAS UTE, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de xaneiro de 2017, solicita autorización do órgano de contratación para novar a citada hipoteca.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

Da hipoteca da concesión administrativa

A titularidade dunha concesión administrativa outorga o concesionario un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúa para o exercicio da actividade autorizada polo título concesional. Ostenta respecto ás mesmas os dereitos e obrigacións do propietario, con suxeición ós límites fixados na LPAP e durante o prazo de validez da

concesión (artigo 97 LPAP).

A lexislación patrimonial das administracións públicas permite a hipoteca deste dereito real, se ben con suxeición ós seguintes requisitos (artigo 98.2 LPAP):

1. So poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.
2. Para constituír a hipoteca será necesaria a previa autorización da autoridade competente para o outorgamento da concesión.
3. As hipotecas se extinguirán á extinción do prazo concesional.

Nesta liña, o PCAP consigna o dereito do concesionario de hipotecar a concesión administrativa outorgada ó recoller, entre as facultades da administración municipal, a de autorizar a constitución de hipoteca sobre a concesión (cláusula 31.f). O único requisito esixido é que medie a previa petición do concesionario, e se establece a limitación de que a cancelación da hipoteca se realice cinco anos antes da finalización do prazo concesional. Asemade, o concesionario deberá inscribir no Rexistro da propiedade a hipoteca baixo o mesmo número que leve a inscrición principal da concesión (artigos 60 e 61 RH).

-II-

Da novación da hipoteca

O concesionario solicita autorización para a novación da hipoteca constituída a favor da entidade CAIXAGALICIA (hoxe denominada ABANCA COORPORACION BANCARIA, S.A.), que grava a concesión nun importe de 29 millóns de euros, dos que responden o aparcadoiro de Policarpo Sanz (13.600.000 euros), o aparcadoiro da rúa Areal (10.170.000 euros) e o aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro (5.230.000 euros).

A novación dunha hipoteca consiste na modificación dalgún dos seus elementos: os suxeitos (acredor ou debedor hipotecario) ou algunha das condicións nas que foi outorgada, tales como o capital, o prazo ou o tipo de interese (artigo 1203 CC). No primeiro caso se denomina novación subxectiva e no segundo novación obxectiva. O caso que nos ocupa é unha novación obxectiva na que se modificará o prazo. Tal e como manifesta o representante do concesionario, a modificación obedece as dificultades que representa na actualidade, nun contexto de crise económica, o facer fronte os pagos derivados desta hipoteca. Ampliando o prazo da hipoteca se reduce o importe dos pagos de amortización periódicos que debe satisfacer.

Para poder autorizar a novación é preciso que concorran os mesmos requisitos esixidos pola lexislación vixente para a constitución da hipoteca citados no fundamento xurídico anterior.

Tendo en conta as seguintes circunstancias concurrentes:

- Que a hipoteca que se nova foi constituída para facer fronte os gastos derivados da construción dos aparcadoiros soterrados obxecto desta concesión, tal e como esixe o artigo 98 da LPAP.
- Que o prazo da hipoteca se amplía en 10 anos (120 meses), fixando o seu

vencemento o 30 de decembro de 2042 para o aparcamento da rúa Pintor Colmeiro, o 31 de marzo de 2043 para o aparcamento da rúa Policarpo Sanz e o 30 de setembro de 2044 para o aparcamento da rúa Areal. Dado que a presente concesión finaliza o 9 de outubro de 2059 para o aparcamento da rúa Pintor Colmeiro, o 31 de xaneiro de 2061 para o aparcamento de Policarpo Sanz, e o 28 de outubro de 2061 para o aparcamento da rúa Areal, cúmprese a condición de que o prazo da hipoteca remate cinco anos antes da finalización do prazo concesional.

A xuízo da informante, se cumpren os requisitos esixidos para poder autorizar a novación da hipoteca.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO:

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar á ELOYMAR TRANVIAS UTE a novación da hipoteca constituída a favor de ABANCA COORPORACION BANCARIA, S.A., en data 8 de maio de 2008 sobre a concesión administrativa de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro, da que é titular, condicionada o cumprimento dos seguintes requisitos:

- 1. O dereito real de concesión so poderá ser hipotecado como garantía dos préstamos contraídos polo titular da concesión coa finalidade de financiar a realización, modificación ou ampliación das obras, construcións e instalacións de carácter fixo situadas sobre a dependencia demanial ocupada.*
- 2. Inscribir no Rexistro da propiedade a novación da hipoteca baixo o mesmo número que leve a inscrición principal da concesión.*
- 3. A hipoteca deberá quedar cancelada cinco anos antes da finalización do prazo concesional.*

2º.- O concesionario deberá achegar a esta Administración copia da escritura pública de novación da hipoteca e xustificación da súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo dun mes a contar dende o día seguinte o outorgamento da devandita escritura pública.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(54).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PREMIOS EN METÁLICO PARA O CIRCUITO DE CARREIRAS “RUNRUNVIGO”. EXPTE. 15809/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 6/02/17, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e polo secretario de Admón. Municipal, e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 15809/333 en relación á proposta de aprobación dos premios en metálico para os e as gañadoras do circuito de carreiras runrunvigo 2016, e tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 27/01/17, procédese a informarse sobre as consideracións detalladas no mesmo e á modificación da proposta atendendo ás observacións realizadas e que a continuación se detallan:

- A referencia á aplicación da retención do 19% en concepto de IRPF establecida no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, aos premios debe ser modulada tendo en conta que os importes dos premios proposta non son superiores a 300€, e por tanto en aplicación do artigo 75.3 f do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas non existe a obriga de practicar retención o ingreso a conta ao non superar o citado importe.
 - Sobre esta cuestión, modifícase a proposta, eliminando a referencia á dita retención tal como se indica no informe de fiscalización.
- Na parte dispositiva do Informe-Proposta debe ser substituída a autorización do gasto pola disposición ou recoñecemento do gasto xa que a autorización do gasto xa tivo lugar no momento da aprobación do Regulamento do Programa Municipal Circuito de Carreiras Populares “RUNRUNVIGO 2016”.
 - Sobre esta cuestión, procédese a modificar parte dispositiva atendendo á observación detallada na dilixencia.
- A clasificación final debe estar asinada por Técnico Municipal Competente.
 - O Técnico responsable do control do expediente asinou a clasificación definitiva.

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas: **RUNRUNVIGO**.

Atendendo ás cuestións detalladas no informe emitido pola Intervención do Concello, de data 27 de xaneiro de 2017, en relación ó expediente de referencia,

1.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuito de carreiras populares da Cidade de Vigo. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

O programa das carreiras populares, que se desenvolve no ámbito da cidade de Vigo, está configurado por 10 tradicionais probas que se celebraron ó longo do ano 2016 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras tal como se detalla:

PROBA	DATA (*)	ORGANIZADOR	Distancia
-------	----------	-------------	-----------

IV Correndo por Vigo	30/01/16	C.D. Carlos Miguel	10.000 m.
XVI Medio Maratón Vig Bay	10/04/16	Club Corredores Vig Bay	21.097 m.
IX 10 Km. Cidade Universitaria de Vigo	24/04/16	Universidade de Vigo	10.000 m.
Carreira da Cereixa	22/05/16	CSCR Beade	10.000 m.
XXXII Carreira Nocturna de San Xoán	23/06/16	Agrupación Viguesa Atletismo	8.600 m.
VI 10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés	11/09/16	Viveiros de Vigo	10.000 m.
IX Vigo+11	16/10/16	Fed. Galega de Atletismo	10.000 m.
Vigo contra el Cáncer	06/11/16	Vigo Contra el Cáncer	10.000 m.
XIV Media Maratón de Vigo	04/12/16	A.D. Media Maratón Vigo	21.097 m.
X Subida ao Castro	11/12/16	errepetrés	3.000 m.

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuío, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no circuío para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras o tempo que a mesma servirá para establecer o final de todo o circuío os gañadores e primeiros clasificados no “Circuío de Carreiras RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuío”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propuxo o outorgamento dun premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuío.

Para a clasificación final das carreiras celebradas no ámbito do circuío 2016, cuxa última proba foi celebrada o pasado 11 de decembro de 2016, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 4.700,00 €, que se distribuirán nas seguintes categorías cos seguintes importes:

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €

*Na categoría F-4 só houbo 2 atletas que cumpriran cos requisitos do regulamento.

Tendo en conta que o importe máximo de cada un dos premios non supera en ningún dos casos os 300€, e atendendo ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, e no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de

Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que “No existirá obligación de practicar retención o ingreso a cuenta sobre las rentas siguientes:f) Los premioscuya base de retención no sea superior a 300€”, non se practicará ningún tipo de retención sobre os importes dos premios.

Para a aplicación deste gasto solicítase a apertura da aplicación orzamentaria 3410.481.00.00 “Premios Circuito de Carreiras RunRunVigo”, con saldo cero e os créditos necesarios para este expediente se aplicarán a bolsa de vinculación con cargo a aplicación 3410.489.00.01 “SUBVENCIONES A EVENTOS DEPORTIVOS”, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.

2.- Proposta:

Dos resultados parciais de cada unha das probas celebradas, foi realizada unha clasificación xeral do do “Circuito de Carreiras RunRunVigo”, que se anexa ó presente expediente e do cal despréndese que os gañadores da proposta de premios en metálico son os seguintes atletas, os cales lle corresponde os premios en metálico que se indica, os cales se lles aplicará a retención de acordo coa lexislación vixente:

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-2	1ª	Blanca Labandeira Fernández	36120647K	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2ª	Cristina Estévez Crespo	35573893T	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-2	3ª	Ana Alonso García	36137457H	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-2	1er	Manuel E. Estévez García	35564751N	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	2º	José Antonio Álvarez Otero	36143873V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-2	3º	César Costas Álvarez	36127199H	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-3	1ª	Mª Carmen Costas Valverde	76988779M	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-3	2ª	Carmen Costas Rodríguez	76986832J	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	Mª Mar Gallero Fernández	36041957Z	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-3	1er	Antonio Fuertes Saavedra	00684475H	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-3	2º	Arlindo Riveiro Rodríguez	39155080H	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-3	3º	Manuel Suárez Martínez	36021831J	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-4	1ª	Dolores García Pérez	35984281E	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-4	2ª	Mª Josefa Freire Mosquera	76985111V	200,00 €	0,00 €	200,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1er	José Jardón López	10568195V	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	Roberto Rey González	34579012F	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-4	3º	Luis Guimarey Pérez	36015227X	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
F-1	1ª	Ester Navarrete Santana	53193762Y	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-1	2ª	Mariana Irigoyen Machado	Y0601776H	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-1	3ª	Diana Ruivo de Oliveira	BI 13347870	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
M-1	1er	Daniel Bargiela Araújo	76895328A	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-1	2º	José Alberto Bastos Dasilva	36114419A	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-1	3º	Óscar Bernárdez Carballo	34875222T	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Tendo en conta os antecedentes descritos, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, e atendendo a que o circuíto rematou o pasado día 11 de decembro coa celebración da derradeira proba e que a gala de clausura do circuíto está prevista para o vindeiro 6 de febreiro, plantéase a presente proposta ao obxecto de aprobar os gastos vinculados ao outorgamento dos premios do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo”.

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

PROPOSTA

1. Recoñecer o gasto polo importe de 4.700,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo”, a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.481.00.00 “Premios Circuíto de Carreiras Populares Cidade de Vigo”, a cal deberá ser aberta con saldo cero, e os créditos necesarios para este expediente se aplicarán a bolsa de vinculación con cargo a aplicación 3410.489.00.01 “SUBVENCIONS A EVENTOS DEPORTIVOS”, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.
2. Aboar os deportistas gañadores do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo”, os premios correspondentes a súa categoría, de acordo co seguinte desglose:

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-2	1ª	Blanca Labandeira Fernández	36120647K	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2ª	Cristina Estévez Crespo	35573893T	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-2	3ª	Ana Alonso García	36137457H	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-2	1er	Manuel E. Estévez García	35564751N	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	2º	José Antonio Álvarez Otero	36143873V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-2	3º	César Costas Álvarez	36127199H	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-3	1ª	Mª Carmen Costas Valverde	76988779M	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-3	2ª	Carmen Costas Rodríguez	76986832J	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	Mª Mar Gallero Fernández	36041957Z	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-3	1er	Antonio Fuertes Saavedra	00684475H	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-3	2º	Arlindo Riveiro Rodríguez	39155080H	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-3	3º	Manuel Suárez Martínez	36021831J	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-4	1ª	Dolores García Pérez	35984281E	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-4	2ª	Mª Josefa Freire Mosquera	76985111V	200,00 €	0,00 €	200,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1er	José Jardón López	10568195V	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	Roberto Rey González	34579012F	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-4	3º	Luis Guimarey Pérez	36015227X	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
F-1	1ª	Ester Navarrete Santana	53193762Y	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-1	2ª	Mariana Irigoyen Machado	Y0601776H	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-1	3ª	Diana Ruivo de Oliveira	BI 13347870	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
M-1	1er	Daniel Bargiela Araújo	76895328A	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-1	2º	José Alberto Bastos Dasilva	36114419A	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-1	3º	Óscar Bernárdez Carballo	34875222T	100,00 €	0,00 €	100,00 €

O pago dos importes correspondentes a cada deportistas serán realizados por transferencia bancaria, para o cal os interesados deberán acreditar a titularidade dunha conta bancaria e aceptar o premio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(55).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O “XL TROFEO CAMPO A TRAVÉS” O VINDEIRO DOMINGO 12 DE FEBREIRO DE 2017. EXPTE. 15670/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 30/01/17, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade S. D. Atletismo San Miguel de Oia, co CIF (G-36645018), solicitou o día 18-11-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc.160157172), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XL TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS
- Data: 12 de febreiro de 2017
- Horario: DE 10.00H A 15.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 12 de febreiro de 2017. A proba comezará ás 10.00h, cunha duración aproximada de tres horas. Esta proba terá o percorrido seguinte: camiño da Verdella e terreos privados do arredor.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Seguridade

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á S. D. Atletismo San Miguel de Oia, co CIF (G-36645018), a organizar a proba deportiva denominada XL TROFEO CAMPO A TRAVÉS, o vindeiro domingo 12 de febreiro de 2017, a proba comezará ás 10.00h e rematará ás 15.00, e se desenvolverá polo camiño da Verdella e terreos privados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(56).-BASES E CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2017) DO ALUMNADO DE 3º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. EXPTE. 18427/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1/02/17, dáse conta do informe-proposta do técnico medio de actividades culturais e educativas, do 3/02/17, conformado pola xefa do servizo de Educación, pola concelleira-delegada de dito servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 08 de agosto de 2014, adoptou o acordo de adxudicar a “Newlink Education, S.L” o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLÉS” (expte. 16073-332) por un prezo total de 1.359.810.-€; de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2014 e a oferta presentada. O PCAP establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas, a primeira dun ano de duración e a segunda ata o 31 de decembro de 2017. Segundo contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, o prazo do contrato é de dous anos contados dende o 07 de outubro de 2014.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016, adoptou o acordo de autorizar a 1ª prórroga por un ano do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés” (expte. 16073-332) para o periodo comprendido entre o 07/10/16 e o 06/10/17, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida. Na mesma sesión, acordou tamén autorizar e comprometer un gasto de 682.624,62.-€ importe actualizado en Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2015, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) e bolsa de vinculación do vixente orzamento.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 16 de decembro de 2016, adoptou o acordo de aprobar a 2ª revisión de prezos do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés 2015” (expte. 16073-332) para aplicar no periodo de facturación 07 de outubro de 2016 – 06 de outubro de 2017, quedando o importe do contrato actualizado para ese periodo en 688.768,24.-€/ano (682.624,62.-€ X 0,9% = 6.143,62.-€). Na mesma sesión, acordou tamén recoñecer en concepto de atrasos polo periodo comprendido entre o 07 de outubro de 2016 e o 06 de outubro de 2017, a cantidade total de 6.143,62.-€ a favor de Newlink Education, S.L., que se imputará con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais” en concepto de cotas pendentes.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 20 de xaneiro de 2017, adoptou o acordo de autorizar a 2ª prórroga do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés 2017” (expte. 16073-332) para o

periodo comprendido entre o 07/10/17 e o 31/12/17, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida. Na mesma sesión, acordou tamén autorizar e comprometer un gasto de 688.768,24.-€ importe actualizado en Xunta de Goberno Local de data 16 de decembro de 2016, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) e bolsa de vinculación do vixente orzamento.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 06 de maio de 2016, adoptou o acordo de adjudicar a “Newlink Education, S.L” o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2016” (expte. 17468-332) por un prezo total de 597.740.-€; de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcóns técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de xaneiro de 2016 e a oferta presentada. O PCAP establece un prazo de duración do contrato de un ano, máis outro periodo dunha duración máxima de nove meses e, en todo caso ata o 31 de decembro de 2017. Segundo contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a empresa adjudicataria o 27/05/2016, o prazo do contrato é de un ano contado dende o 30 de maio de 2016, e unha prórroga que deberá rematar necesariamente o 31 de decembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 20 de xaneiro de 2017, adoptou o acordo de autorizar a prórroga do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés 2017” (expte. 17468-332) para o periodo comprendido entre o 30/05/17 e o 31/12/17, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida. Na mesma sesión, acordou tamén autorizar e comprometer un gasto de 597.740,00.-€, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) e bolsa de vinculación do vixente orzamento.

Dende fai varios anos, o Concello de Vigo ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas. O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa LOMCE (BOE nº 295 do 10/12/2013), que modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), no seu preámbulo XII indica que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

O artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE , recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo (VIGO EN INGLÉS 2017), que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional. En consecuencia estas estadias lingüísticas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma, convertindo ao alumnado de Vigo, ao entrar e contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, toda a equipa de monitoraxe e alumnado participante no programa estarán uniformados con camisetas alusivas á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración lingüística, e achegarán ao persoal educativo dos High Schools, ás familias de acollida e autoridades locais en destino, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Neste senso e seguindo instrucións da Concelleira de Educación, tramítase o presente expte para a aprobación das bases e convocatoria para a adxudicación de prazas no programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos. Igualmente, atendendo á vontade política da Alcaldía e seguindo instrucións da Concelleira de Educación, estase a tramitar tamén o expte 18373-332 para unha nova licitación por procedemento aberto dun novo contrato de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2017”, que implicará o aumento na oferta de 87 prazas para o alumnado participante, todo elo coa finalidade de tentar dar resposta á considerable demanda que está a ter esta iniciativa didáctica municipal, que na anterior edición de 2016 tivo un total de 89 alumnos/as na lista de agarda da rede pública e un total de 178 alumnos/as na lista de agarda da rede privada-concertada, consonte ao

acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de xuño de 2016 no que se aprobaron as listas definitivas do programa de inmersión lingüística “Vigo en Inglés 2016” (expte. 17631-332).

Os contratos en vigor do programa municipal “Vigo en Inglés” (exptes. 16073-332 + 17468-332), posibilitan concretar una oferta inicial de 570 na convocatoria 2017 (300 prazas+ 270 prazas), mais outras 87 prazas condicionadas á tramitación por parte do servizo de educación do expte. administrativo 18373-332 para a resolución final favorable de acordo de “novo contrato maior de servizos para xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo Vigo en Inglés 2017”.

Todo elo implicará que nesta convocatoria ordinaria do programa municipal “Vigo en Inglés 2017” se poderá ofertar un máximo de 657 prazas para alumnado de 3º curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; nun proceso selectivo que outorga unha discriminación positiva na adxudicación dos beneficiarios/as ao alumnado da rede pública que cumpra os requisitos recollidos na convocatoria específica para a selección do alumnado participante no VIGO EN INGLÉS 2017, fronte ao alumnado da rede privada-concertada. Por elo se asigna un 54,4% de prazas á rede pública, é dicir, un total inicial de 313 prazas máis 44 prazas condicionadas, e un 45,6% de prazas á rede privada-concertada, é dicir un total inicial de 257 prazas máis 43 prazas condicionadas; todo elo tendo en conta similares porcentaxes de prazas adxudicadas nas pasadas edicións do programa Vigo en Inglés.

Consonte ao antedito, as 570 prazas inicialmente ofertadas máis as 87 prazas condicionadas á resolución final favorable de acordo para novo contrato maior de servizos para a xestión do programa Vigo en Inglés 2017, serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, desglosadas nun máximo de 357 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 300 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados.

A asignación dunha porcentaxe maior a prol do alumnado da rede pública persegue, por unha banda establecer unha medida compensatoria, partindo da base de que, con carácter xeral, existe unha correlación entre o nivel socioeconómico e a matriculación en centros públicos. Por outra, preténdese unha compensación en función das necesidades diferenciais de capacitación en lingua estranxeira: un estudo de avaliación realizado pola Universidade de Santiago de Compostela (Luis Sobrado, 2008), sobre rendemento académico, establece que en inglés (4º da ESO) o alumnado de centros públicos obtén case 10 puntos porcentuais menos cós seus compañeiros/as do ensino privado-concertado.

Este Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2017) ten como acción principal a promoción e desenvolvemento de estadias de 3 semanas en Reino Unido e/ou Irlanda en réxime de integración escolar nun "High School" en periodo lectivo , para alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; coa finalidade de mergullarse nunha experiencia lingüística e cultural plena e crear neste alumnado a necesidade de empregar a lingua inglesa en contextos reais 24 horas como ferramenta de comunicación social e vehículo de aprendizaxe escolar, poñendo en valor a educación dende unha perspectiva plurilingüe e intercultural.

Os resultados acadados nas anteriores edicións do Programa Educativo de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS), non fan senón confirmar, ademais dunha óptima avaliación, a alta satisfacción a nivel didáctico-pedagóxico, na procura de seguir tentando mellorar a competencia en lingua inglesa e na comunicación intercultural no noso alumnado vigués.

A implementación da iniciativa didáctica municipal VIGO EN INGLÉS 2017, implica a prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L.”, especializada na desenvolvemento de programas de inmersión linguística, que terá como cometido a prestación plural de traballos de distinta natureza e carácter heteroxéneo, tales como , transporte, organización do programa lectivo de inmersión linguística en destino, aloxamento, manutención, visitas organizadas e información a familias, que supoñen a xestión integral do programa, despois da selección de alumnado que realizará directamente este Servizo de Educación trala aplicación das bases e proceso que son obxecto do presente expediente.

No Prego de condicións técnicas para a contratación do VIGO EN INGLÉS, se explicita que corresponde ao Servizo de Educación do Concello de Vigo, realizar a convocatoria específica para a selección dos participantes no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa para cada curso escolar; e polo tanto é obrigado proporcionar á empresa que resulte adxudicataria a relación nominal dos alumnos/as participantes, cos datos de identificación necesarios para a xestión do programa.

Por todo iso, e diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente o alumnado beneficiario do programa VIGO EN INGLÉS 2017, cómpre desenvolver a “Convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2017) dirixida ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”, cuxa convocatoria e bases son obxecto do presente expediente.

Con carácter previo ao outorgamento da concesión das prazas para participar na iniciativa didáctica municipal “Vigo en Inglés 2017” deberán aprobarse as bases reguladoras para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2017) dirixida ao alumnado de 3º de ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”, nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria. En todo caso, a concesión destas prazas de inmersión linguística efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Igualmente, adxúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

Unha das complexidades manifestas desta convocatoria é o importante número de destinatarios/as potenciais, estimados nuns preto de 900 alumnos/as que, conforme aos datos recabados por este Servizo, cumpren todos os requisitos para poder participar neste programa municipal de inmersión en lingua inglesa. Neste sentido é importante salientar que un dos elementos primordiais para a selección do alumnado é premiar o esforzo do mesmo, polo que se establece como requisito imprescindible ter todas as materiais

aprobadas e ter obtido unha nota media mínima de 7 en lingua inglesa. Igualmente a participación no programa Vigo en Inglés 2017 non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, dado que as familias participantes en función da súa renda per cápita aportarán a achega familiar que se determina nas bases desta convocatoria ordinaria.

O importe total destinado a financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 1.495.308,24.-€, con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais do orzamento municipal de 2017.

Á vista do anteriormente expresado, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2017) , de acordo co texto que se achega no expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da Convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2017) , e o extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2017) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

Primeiro.- Obxecto

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 657 prazas en réxime de concorrencia competitiva (570 en asignación directa segundo contratos en vigor dos exptes. administrativos 16073/332 e 17468/332, e outras 87 prazas condicionadas á tramitación por parte do Servizo Municipal de Educación do expte. administrativo 18373-332 para resolución final de acordo de “contrato maior de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo Vigo en Inglés 2017”) entre o alumnado do 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; desglosada esta oferta nun total de 357 (313+44) prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e nun total de 300 (257+43) prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; a fin de que o alumnado solicitante que cumpra os requisitos recollidos nesta convocatoria específica participe no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS) 2017, que se enmarca dentro do programa educativo municipal Aulas Internacionais.

A finalidade do programa VIGO EN INGLÉS é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

- 1.- Estadía durante tres semanas en Reino Unido e/ou Irlanda
- 2.- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado no Reino Unido e/ou Irlanda, onde se desenvolverá o programa.
- 3.- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).
- 4.- Matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun programa de clases de polo menos 10 horas e programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Reino Unido e/ou Irlanda
- 5.- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.
- 6.- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- 7.- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.
- 8.- Aloxamento en casa de familias anfitriñas de fala inglesa.
- 9.- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.
- 10.- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.
- 11.- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Segundo.- Contía

A participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo; polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas no punto sétimo desta convocatoria. Igualmente a participación no programa é incompatible con calquera outra axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos ou privados durante o ano 2017.

O custe de cada praza é de aprox 2.400 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal VIGO EN INGLÉS 2017, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa coa debida cualificación e especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School en período lectivo, contratada ao efecto polo Servizo Municipal de Educación. Ocuparase de ofrecer os recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas participantes.

O importe total destinado a financiar as 657 prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 1.495.308,24.-€ aprox., con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais (B.V.) do exercizo 2017.

Terceiro.- Programa xeral programa VIGO EN INGLÉS 2017

Os contidos do programa de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2017 atópanse a disposición dos interesados na páxina web do programa <http://www.vigoeningles.org>. Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.

1. Adxudicatarios e requisitos

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

- 1.- Estar a cursar 3.º da ESO nun centro educativo sostido con fondos públicos do Concello de Vigo durante o curso académico 2016/2017.
- 2.- Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.
- 3.- Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.
- 4.- Estar empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2016 , dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- 5.- Non ter concedida, no ano 2017, outra axuda coa mesma finalidade.
- 6.- Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor cunha vixencia mínima de 6 meses.

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai ou titor/a legal) dos alumnos e alumnas.

As 657 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, (570 prazas en asignación directa segundo contratos en vigor dos exptes. administrativo 16073/332 e 17468/332, e outras 87 prazas condicionadas á tramitación por parte do Servizo Municipal de Educación do expte.administrativo 18373-332 para resolución final de acordo de “contrato maior de servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo Vigo en Inglés 2017”); conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases, desglosadas nun máximo de 313+44 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 257+43 prazas asignadas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados; e as restantes solicitudes en función da puntuación obtida serán incluídas en dúas listas de agarda, unha delas correspondente ao alumnado dos centros públicos e outra correspondente ao alumnado dos centros privados-concertados. No caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas nalgunha das dúas redes educativas, estas prazas vacantes acumularanse automaticamente á rede que teña lista de agarda.

2. Número de prazas e destinos

O programa consta de 657 prazas, en grupos de máximo 25 participantes e mínimo 12/13 participantes que se asignarán a como mínimo vinteseis destinos e máximo cincuenta e catro centros educativos de integración (High Schools) diferentes no Reino Unido e/ou Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas e a cuestións internas de índole organizativa.

3. Duración da estadía

O programa, de tres semanas de duración, comezará na primeira quincena de setembro de 2017 e a data de finalización será como máximo a primeira semana de outubro. Con todo, o calendario definitivo comunicárase aos adxudicatarios nas reunións informativas que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo en estreita colaboración coa empresa que resulte adxudicataria.

4. Programa lectivo

O programa componse de estadías dos participantes durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:

Ao longo deste período, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración en período lectivo do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) do Reino Unido e/ou Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española e preferentemente previo ao período de integración impartírase un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 25 alumnos/as participantes ou un mínimo de 12/13 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e idade.

Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadía do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa VIGO EN INGLÉS 2017 que estiveron integrados neste.

5. Programa de actividades extraescolares e de lecer

O programa lectivo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo e durante a tarde, todos os días da semana, agás o domingo, que poderá reservarse para a interacción entre o alumnado participante e as familias de acollida. Estas actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

6. Viaxe e desprazamentos

O aeroporto de saída e chegada será o de Peinador de Vigo. As viaxes das familias e alumnado participante dende o seu domicilio ata o aeroporto de saída de Vigo, e o mesmo traxecto de volta, serán por conta dos participantes. As datas e horas previstas de saída e chegada serán comunicadas con antelación suficiente.

7. Información e asistencia a participantes e familias

Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias que concrete o Servizo de Educación, polo menos unha semana antes do inicio da viaxe. Asemade, antes e durante a viaxe, as familias terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no Servizo de Educación, ben no enderezo Praza do Rei s/n, pranta 11ª (36202 Vigo), no teléfono 986810181, ou a través do correo electrónico vigoeningles@vigo.org.

Cuarto.- Publicidade e prazo

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BNDS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A publicidade da presente convocatoria, realizarase tamén a través da páxina web do programa <http://www.vigoeningles.org> e mediante anuncios na web municipal, nos taboleiros de Concello e dos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos e igualmente a través dos medios de comunicación locais.

A resolución e a finalidade das prazas, con expresión dos datos identificativos do/a alumno/a solicitante, números de expediente, centros educativos de procedencia e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), achega familiar que corresponda, será publicada na páxina web específica do programa <http://www.vigoeningles.org> e no taboleiro municipal, de acordo co disposto no artigo 15.2.c) da lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto.- Solicitudes e documentación

Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) e demais formularios (Anexos II ao V) no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, ou ben descargarlos da páxina web <http://www.vigoeningles.org>.

A solicitude deberá ser asinada polos solicitantes (pai e nai ou titor/a legal) e polo/a alumno/a. Nela deberán explicitar a autorización do pai e nai ou titor/a legal, para solicitar por parte do Servizo de Educación a obtención de información fiscal da Axencia Tributaria. No caso de non autorizar a solicitude de datos da Axencia Tributaria, as familias deberán xustificar documentalmente os seus ingresos achegando fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a expedido pola Axencia Tributaria.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante correo electrónico á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo municipal de educación, xustificante do envío postal.

A presentación da solicitude desta praza levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación na páxina web do Servizo de Educación así como nos taboleiros de anuncios do Concello e dos centros educativos de Educación Secundaria Obrigatoria do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

As prazas para a participación no programa serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremos que se recollen nas presentes Bases. As

solicitudes que cumprindo os requisitos non sexan seleccionadas serán incluídas automaticamente nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

Documentación:

·Solicitud de da praza debidamente cuberta e asinada polos solicitantes, segundo modelo que figura no **Anexo I**.

·Fotocopia simple do DNI/NIE ou pasaporte en vigor do/a alumno/a solicitante (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia simple da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).

·Fotocopia simple do DNI/NIE dos solicitantes (pai e nai ou titor legal) que asinan a solicitude de participación do **Anexo I**.

·**Anexo II e certificación académica orixinal**, emitida polo centro educativo na que deberá figurar que o alumno/a está matriculado en 3º de ESO nun centro sostido con fondos públicos do Concello de Vigo no curso 2016/2017 e as cualificacións finais que deberá ter aprobadas todas as áreas ou materias cursadas en 2º de ESO; con mención específica da nota na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO, que deberá ser como mínimo dun 7.

·Xustificación de ingresos: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar Fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

De acordo co artigo 13.2 e) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, atendendo á natureza destas axudas, se exceptúa do requisito de acreditar estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade social para obter a condición de beneficiario/a destas prazas.

·Autorización asinada polo pai, nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no **Anexo III**.

·Fotocopia simple do libro de familia na que figuren todos os membros da unidade familiar ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, acreditar outras circunstancias familiares especiais. Teñen a consideración de circunstancias familiares especiais as seguintes que deberán acreditarse documentalmente, segundo proceda :

- Familia numerosa
- Pai/nai solteiro/a
- Divorcio ou separación
- Viúvo/a

·Declaración de non ter concedida, no ano 2017, outra axuda coa mesma finalidade, segundo o modelo que figura no **Anexo IV**.

·No caso de que o participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requerir das persoas solicitantes en calquera momento aclaración da documentación presentada.

A obtención e disfrute da praza falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impidan, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a exixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Sexto.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e artigo 20.5 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) para que no prazo de 10 días hábiles (contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Sétimo.- Criterios de valoración e determinación de achegas familiares

A selección das solicitudes e asignación de prazas farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno/a, resultante de aplicar os seguintes criterios (a,b) :

a) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:

- Nota final: 7 → 1 punto
- Nota final: 8 → 2 puntos
- Nota final: 9 → 3 puntos
- Nota final: 10 → 4 puntos

b) Para a consideración de familia numerosa de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, aplicarase o seguinte baremo:

- Categoría xeral → 1 punto
- Categoría especial → 2 puntos

A determinación de achegas familiares se asignará segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar recollido na seguinte táboa. A renda per cápita da unidade familiar, calcúlase como suma dos ingresos da unidade familiar divididos entre o seu número de membros. Ten a consideración de ingresos da unidade familiar a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais, titor/a do alumnado solicitante, e tamén os irmáns solteiros e menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar, e os irmáns maiores de dezoito anos con minusvalía superior ao 33% (circunstancia que deberá acreditarse co documento xustificativo oportuno).

A efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable a aquel deles que non conviva co alumno/a. Sen embargo, se é o caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, as rendas de patrimonio do cal incluíranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiar.

No caso de familias monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar sempre que se achegue xustificación documental da situación (libro de familia, sentenza divorcio, convenio regulador, certificado de defunción, etc.)

TRAMOS RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR	ACHEGA FAMILIAR
Ata 6.000,00.-€	Exento
Entre 6.001,00.-€ e 10.000,00.-€	240.-€ (equivale ao 10% custe da praza)
Entre 10.001,00.-€ e 13.000,00.-€	360.-€ (equivale ao 15% custe da praza)
Maior de 13.001,00.-€	600.-€ (equivale ao 25% custe da praza)

As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles a achega máxima de aportación familiar.

A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, e será efectuada coas proporcións por rede escolar que se conteñen nas bases, polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza, reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe ao alumno/a solicitante dentro das 657 (570+87) prazas que se van conceder, desglosadas nun máximo de 357 (313+44) prazas para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo de 300 (257+43) prazas para alumnado escolarizado en centros privados-concertados.

No caso de se producir empates na puntuación final, o criterio de desempate será a menor renda per cápita, e si este criterio non fora suficiente os empates resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerá a letra de prioridade do 1º apelido. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel que tendo en conta a orde de extracción, o seu primeiro apelido comence pola letra extraída. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. Logo do sorteo e de persistir o caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, formarase dúas listas ordeadas de agarda, para o caso de que existan baixas ou renuncias nas listas iniciais de seleccionados do alumnado escolarizado en centros públicos e do alumnado escolarizado en centros privados-concertados. De existir prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado dos centros públicos e correspondente a alumnado dos centros privados-concertados.

Oitavo.- Comisión de valoración

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, que actuará de presidenta, a Xefa do Servizo de Educación e un Técnico do Servizo de Educación que actuará como secretario.

Este órgano colegiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan nesta convocatoria, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional para a participación no “Vigo en Inglés 2017”, na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da praza, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a praza por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o “listado de agarda”, finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional no crea dereito algún a favor do/a beneficiario/a da praza ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria. A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

Noveno.- Concesión e resolución das prazas

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, e examinadas e resoltas as alegacións achegadas polos/as interesados/as, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución definitiva que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, número de expediente, centro educativo de procedencia e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega, e finalmente contía asignada correspondente de achega familiar. Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Esta relación exporase na web <http://www.vigoeningles.org>. no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos centros educativos que aporten alumnado participante.

Décimo.- Aceptacións e renuncias

Os alumnos e alumnas que, logo do acordo expreso adoitado pola Xunta de Goberno Local, resulten adxudicatarios definitivos das prazas para participar no programa VIGO EN INGLÉS 2017 deberán presentar asinada no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei s/n, pranta 11ª, unha aceptación expresa segundo o modelo que figura no **Anexo V** nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web da concesión definitiva da praza, acompañado naqueles casos que proceda do pertinente xustificante bancario de pagamento.

Para esto último, o Servizo Municipal de Educación comunicará con antelación suficiente a todos os beneficiarios/as, o proceso concreto para efectuar o pagamento pola contía asignada correspondente de achega familiar. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á praza adxudicada. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante médico (enfermidade, accidente....)

Inda que se teña aceptado a praza coa sinatura do Anexo V, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 4 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña presentado na oficina de VIGO EN INGLÉS ubicada no servizo de educación, a documentación necesaria (DNI/NIE e/ou pasaporte en vigor) para a realización da viaxe, poderá perder a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de listas de agarda correspondente a alumnado de centros públicos ou correspondente a alumnado de centros privados-concertados.

Décimo primeiro.- Expulsión do programa

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas de disciplina establecidas. Serán motivos de expulsión inmediata os seguintes:

- O incumprimento das leis do país en que se desenvolve o programa.
- O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.
- O consumo ou a posesión de drogas.
- Conduñas disruptivas e/ou comportamentos asociais.
- Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.

No caso de expulsión, o expulsado deberá facerse cargo dos gastos ocasionados polo seu regreso anticipado. Igualmente, no caso do alumnado que se atope realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, o solicitante asumirá os gastos polo seu regreso anticipado.

Décimo segundo.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Décimo terceiro.- Disposición adicional

As persoas solicitantes, tal como ven recollido no Anexo I, autorizan expresamente ao Servizo de Educación a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas.

Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, a Concellería de Educación publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa publicación na citada páxina web.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión. Non entanto, e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, respectarase o carácter confidencial da información dos beneficiarios á que se teña acceso como consecuencia

da concesión das bolsas, non podendo utilizala con finalidade distinta á establecida nas bases reguladoras desta convocatoria.

Décimo cuarto.- Disposición final

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases desta convocatoria.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN PROGRAMA “VIGO EN INGLÉS 2017”

(CUMPRIMENTAR EN LETRA DE IMPRENTA)

1. Datos do/a solicitante (pai e nai ou titor legal do/a alumno/a)

Nome e apelidos do pai ou titor:					
Nome e apelidos da nai ou titora:					
DNI/ NIE pai ou titor:			DNI /NIE nai ou titora:		
Enderezo:	Rúa	N.º	Piso	Bloque	C.P.
Poboación:		Provincia:			
Teléfono fixo:		Teléfono móbil:			
Correo electrónico:					

2. Datos do/a alumno/a

Primeiro apelido:					
Segundo apelido:					
Nome: DNI / NIE					
Enderezo:	Rúa	N.º	Piso	Bloque	C.P.
Poboación:		Provincia:			

Data de nacemento:	Sexo:	<input type="checkbox"/>	Home	<input type="checkbox"/>	Muller
Teléfono fixo:	Teléfono móbil:				
Correo electrónico:					

3. Observacións

Réxime alimenticia, alerxias, doenzas, etc.:

4 Datos académicos

Centro no que estuda:								
Nivel de estudos no curso 2016/2017:								
Cualificación en Lingua inglesa en 2.º de ESO:	7	<input type="checkbox"/>	8	<input type="checkbox"/>	9	<input type="checkbox"/>	10	<input type="checkbox"/>
Todas as materias de 2.º de ESO aprobadas:	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non				

5. Datos relativos ao adxudicatario

É de nacionalidade española ou residente legal:	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non
Está empadroado no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2016 :	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non
Está matriculado nun centro educativo sostido con fondos públicos de Vigo no curso 2016/2017:	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non
Ten concedida , no ano 2017, outra axuda coa mesma finalidade que a presente:	<input type="checkbox"/>	Si	<input type="checkbox"/>	Non

6. Documentación que achega (risque cun X)

<input type="checkbox"/>	Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do/a alumno/a.
<input type="checkbox"/>	Fotocopia simple do DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) do pai e nai ou titor legal.
<input type="checkbox"/>	Fotocopia simple e completa do libro de familia (en vigor) ou documentación acreditativa da titoría legal.
<input type="checkbox"/>	Fotocopia do título de familia numerosa en vigor
<input type="checkbox"/>	Fotocopia da sentenza de divorcio, convenio regulador, certificado de defunción.

	Fotocopia do certificado de discapacidade
	Certificación académica orixinal emitida polo centro educativo na que conste estar matriculado en 3º da ESO no curso 2016/2017, a nota final en Lingua inglesa de 2º de ESO e ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.
	Outros (especificar):

AUTORIZACIÓN INFORMACIÓN FISCAL			
<p>Con motivo da solicitude de participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2017), dou/damos expresamente o meu/noso consentimento para a comprobación telemática, pola que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e, AUTORIZO/ZAMOS ao Servizo de Educación do Concello de Vigo para que, conforme ao disposto no art 2.4º da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información relativa á última declaración da renda aos efectos de comprobar a renda per cápita da unidade familiar.</p>			
Parentesco	Nome e Apelidos	DNI / NIE	Sinatura
Alumno/a			
Pai / Titor / Outros			
Nai / Titora / Outros			

Solicita, segundo o establecido na convocatoria do programa VIGO EN INGLÉS 2017, que se lle conceda a mencionada praza para a participación no programa indicado. Así mesmo, autoriza ao Servizo de Educación para o tratamento necesario e a publicación destes datos.

Sinaturas Solicitantes (pai e nai ou titor Sinatura Alumno/a solicitante legal)

Vigo, de de 2017

ANEXO II

CERTIFICACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO

PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2017

Don/Dona:....., como director/a ou secretario/a do centro educativo
... verifica que o/a alumno/a

solicitante dunha praza no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2017), organizado polo Servizo de Educación do Concello de Vigo:

- Está matriculado neste centro en 3º da ESO no curso 2016/2017
- Ten todas as materias aprobadas de 2º da ESO e ten unha nota media en lingua inglesa en 2º da ESO de, para o cal achega aos efectos oportunos acreditación documental xustificativa (certificación académica orixinal)

Vigo, de de 2017.

Asinado

Selo do Centro

A N E X O III

AUTORIZACIÓN DO/A REPRESENTANTE LEGAL

PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2017

Don/Dona:..... co DNI/NIE nº, como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a solicitante autorizo a

a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2017) organizado polo Servizo de Educación do Concello de Vigo durante o período setembro-outubro de 2017, e a recibir a atención médica que, de darse o caso, fose precisa.

Asemade, quedo enterado/a de que deberei aceptar ou rexeitar expresamente a praza.

Vigo, de de 2017

Asinado.

pai/nai/titor/a legal:

ANEXO IV

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2017

Don/Dona:....., co DNI/NIE nº, como pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a co DNI/NIE nº

Tendo presentado unha solicitude para a participación no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2017), consonte as "bases e convocatoria para a adxudicación de prazas no VIGO EN INGLÉS 2017 dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos sostidos con fondos públicos do Concello de Vigo"

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Que non solicitei e non se me concederon, no ano 2017, axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas
- Que solicitei e se me concederon ou están pendentes de resolución de concesión, no ano 2017 axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.

E, para que así conste, asino esta declaración no lugar e data de abaixo indicados

Asinado pai/nai/titor/a legal:

Vigo, de de 2017

ANEXO V

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA PRAZA CONCEDIDA

PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2017

DATOS DO SOLICITANTE

DNI/NIE	
Nome	
1º Apelido	
2º Apelido	

DATOS DO ALUMNO/A

DNI/NIE	
Nome	
1º Apelido	
2º Apelido	

ACEPTACIÓN	RENUNCIA
------------	----------

--	--

A aceptación da presente praza implica o desenvolvemento do programa VIGO EN INGLÉS 2017 consonte coas bases da súa convocatoria ordinaria.

Sinatura do pai, nai ou titor legal

Sinatura do/a alumno/a beneficiario/a

Vigo , de de 2017

Servizo de Educación

Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS)

Praza do Rei s/n, Pranta 11ª

36202 Vigo

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2017) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto desta convocatoria é regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 657 prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa "Vigo en Inglés 2017", coa finalidade de mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa do alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional, cuxas estadias lingüísticas se realizarán durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, entre a primeira quincena de setembro de 2017 e a primeira semana de outubro de 2017.

SEGUNDA.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

- Estadía durante tres semanas en Reino Unido e/ou Irlanda.
- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado no Reino Unido e/ou Irlanda, onde se desenvolverá o programa.
- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).
- Matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun programa de clases de polo menos 10 horas e programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Reino Unido e/ou Irlanda

- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.
- Aloxamento en casa de familias anfitrías de fala inglesa.
- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.
- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.
- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O custe de cada praza é de aprox 2.400 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal VIGO EN INGLÉS 2017, e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa coa debida cualificación e especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School en período lectivo, contratada ao efecto polo Concello de Vigo.

A participación no Programa “Vigo en Inglés 2017” non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas nas bases da convocatoria.

TRAMOS RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR	ACHEGA FAMILIAR
Ata 6.000,00.-€	Exento
Entre 6.001,00.-€ e 10.000,00.-€	240.-€ (equivale ao 10% custe da praza)
Entre 10.001,00.-€ e 13.000,00.-€	360.-€ (equivale ao 15% custe da praza)
Maior de 13.001,00.-€	600.-€ (equivale ao 25% custe da praza)

O importe total destinado a financiar as 657 prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 1.495.308,24.-€ aprox., con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais do exercizo 2017.

CUARTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderá solicitar praza para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2017” o alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, que cumpra os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

QUINTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS PRAZAS.

O procedemento para a concesión destas prazas para participar no programa “Vigo en Inglés 2017” será o de concorrencia competitiva.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras para a participación no programa “Vigo en Inglés 2017” será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada e nos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, e na páxina web do programa www.vigoeningles.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a participación no programa “Vigo en Inglés 2017”, facilitaranse nas oficinas do servizo municipal de educación e nas propias páxinas webs do Concello de Vigo e do programa www.vigoeningles.org.

OITAVA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

O servizo municipal de educación será o encargado da instrución do procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 657 prazas para a participación no programa municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2017”. A avaliación das solicitudes realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Educación, que actuará de presidenta, a Xefa de servizo de Educación e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

O alumnado beneficiario/a das prazas para participar no programa “Vigo en Inglés 2017” deberá xustificar o desenvolvemento da estadía lingüística en destino coa obtención do certificado ou diploma acreditativo da realización do programa, e polo tanto co cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda en especie consistente na prestación de servizos.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2017) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3.º DE ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa do alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 1.495.308,24 € (Un millón catrocentos noventa e cinco mil trescentos oito con vintecatros Euros) con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Un máximo de 657 alumnos/as de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, que cumpran os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS PRAZAS

O procedemento para a concesión destas prazas será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das prazas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local, e na web www.vigo.org., e na web do programa www.vigoeningles.org.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA.

O alumnado beneficiario/a das prazas para participar no programa “Vigo en Inglés 2017” deberá xustificar o desenvolvemento da estadía lingüística en destino coa obtención do certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.

8(57).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2017. EXPTE. 6843/335.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 1/02/17, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2016, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de xaneiro de 2017.

Expte: 6736/335. CONTRATACIÓN DE DOUS OBRADOIROS E DA DECORACIÓN CON GLOBOS PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL XANEIRO

Decreto concelleira data: 02/01/2017

Informe Intervención: RCM 2061

Adxudicatario: BARAFUNDA SL

Importe total: 9.590,00 EUROS

Expte: 6737/335. CONTRATACIÓN DE SETE OBRADOIROS E DA COORDINACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO NADAL XANEIRO

Decreto concelleira data: 02/01/2017

Informe Intervención: RCM 2063

Adxudicatario: KOREMI REHABILITACIÓN SL

Importe total: 7.806,77 EUROS

Expte: 6738/335. CONTRATACIÓN DOS OBRADOIROS SAURIALANDIA PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL XANEIRO

Decreto concelleira data: 02/01/2017

Informe Intervención: RCM 2062

Adxudicatario: MEKANÉ DIDÁCTICA SL

Importe total: 8.785,35 EUROS

Expte: 6739/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN, SEGURIDADE E LIMPEZA DO PARQUE INFANTIL DO NADAL XANEIRO

Decreto concelleira data: 02/01/2017

Informe Intervención: RCM 2439

Adxudicatario: SERVICIOS INTEGRALES AGREGA SL

Importe total: 7.289,04 EUROS

Expte: 6745/335. CONTRATACIÓN DAS ANIMACIÓNS DINOSETA E DINOTUBBIES PARA A CABALGATA DE REIS

Decreto concelleira data: 03/01/2017

Informe Intervención: RCM 2502

Adxudicatario: VIGOMULTIMEDIA SLU

Importe total: 9.680,00 EUROS

Expte: 6746/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN BRONTOSAURO PARA A CABALGATA DE REIS

Decreto concelleira data: 03/01/2017

Informe Intervención: RCM 2501

Adxudicatario: BARAFUNDA SL

Importe total: 6.655,00 EUROS

Expte: 6747/335. CONTRATACIÓN DAS ANIMACIÓNS NIÑO DE PTERODÁCTILOS E PLANTAS CARNÍVORAS PARA A CABALGATA DE REIS

Decreto concelleira data: 03/01/2017

Informe Intervención: RCM 2503

Adxudicatario: RIVEL ANIMACIÓN SL

Importe total: 7.986,00 EUROS

Expte: 6748/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN DINO BEBÉS PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 03/01/2017
Informe Intervención: RCM 2505
Adxudicatario: IMAXINERÍA SL
Importe total: 5.900,00 EUROS

Expte: 6749/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN DE BANDA DE GAITAS PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 03/01/2017
Informe Intervención: RCM 2504
Adxudicatario: GALEGA DE RECURSOS EDUCATIVOS AVANZADOS SL
Importe total: 1.500,00 EUROS

Expte: 6750/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN NACEMENTO DE DINO & SAURIO PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 03/01/2017
Informe Intervención: RCM 2506
Adxudicatario: FUNDACIÓN IGUALARTE
Importe total: 6.500,00 EUROS

Expte: 6751/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN DE CABALOS E XINETES PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 03/01/2017
Informe Intervención: RCM 2507
Adxudicatario: BENITO CONRADO PÉREZ MARTÍNEZ
Importe total: 4.840,00 EUROS

Expte: 6752/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN DE AUTOMÓBILES ANTIGOS PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 03/01/2017
Informe Intervención: RCM 2508
Adxudicatario: CLUB GALLEGO DE AUTOMÓVILES ANTIGUOS
Importe total: 1.800,00 EUROS

Expte: 6759/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DA COMITIVA E DA ORGANIZACIÓN DO DESFILE DA CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 04/01/2017
Informe Intervención: RCM 2530
Adxudicatario: AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS e FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO
Importe total: 15.000,00 EUROS

Expte: 6760/335. CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE VALOS DE SEGURIDADE PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 04/01/2017
Informe Intervención: RCM 2531
Adxudicatario: SENRA ALQUILER Y VENTA SL
Importe total: 15.000,00 EUROS

Expte: 6761/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE E DESMONTE DO VALADO DE SEGURIDADE PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 04/01/2017
Informe Intervención: RCM 2638

Adxudicatario: ELVIRA ZAPATA VILA
Importe total: 6.609,02 EUROS

Expte: 6762/335. CONTRATACIÓN DA COLOCACIÓN DOS SINAIS DE CORTES DE TRÁFICO PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 04/01/2017
Informe Intervención: RCM 2629
Adxudicatario: ORGANIZIA EVENTOGLOBAL SL
Importe total: 1.285,63 EUROS

Expte: 6763/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DE PALCO DE RECEPCIÓN E DE ESTRUTURAS AO LONGO DO PERCORRIDO DA CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 04/01/2017
Informe Intervención: RCM 2533
Adxudicatario: SACAFERRO SL
Importe total: 10.778,96 EUROS

Expte: 6764/335. CONTRATACIÓN DA MEGAFONÍA PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 04/01/2017
Informe Intervención: RCM 2532
Adxudicatario: SONIDO COLLAZO SL
Importe total: 2.783,00 EUROS

Expte: 6765/335. CONTRATACIÓN DA CARACTERIZACIÓN DE REIS MAGOS E DA ATENCIÓN AOS NENOS EN CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 04/01/2017
Informe Intervención: RCM 2534
Adxudicatario: SACAFERRO SL
Importe total: 8.086,74 EUROS

Expte: 6766/335. CONTRATACIÓN DOS TRANSPORTES REIS MAÑÁ E DO REPARTO DE CAMELOS DURANTE O DESFILE DA CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 04/01/2017
Informe Intervención: RCM 2536
Adxudicatario: XESTIÓN COMERCIAL DE MERCADOS RETALLISTAS SL
Importe total: 4.265,25 EUROS

Expte: 6767/335. CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DE CARROZA PARA A POLICÍA LOCAL PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 04/01/2017
Informe Intervención: RCM 2536
Adxudicatario: BIGLAB SLU
Importe total: 12.100,00 EUROS

Expte: 6769/335. CONTRATACIÓN DA REPORTAXE FOTOGRÁFICA PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 04/01/2017
Informe Intervención: RCM 2537
Adxudicatario: SONIA DAPONTE BUJÁN
Importe total: 2.380,00 EUROS

Expte: 6770/335. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CAMELOS PARA A CABALGATA DE REIS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2538

Adxudicatario: EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES SAU

Importe total: 14.841,86 EUROS

Expte: 6771/335. CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ACCIDENTES PARA NENOS EN CARROZAS MUNICIPAIS PARA A CABALGATA DE REIS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2539

Adxudicatario: MAPFRE VIDA SA SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA a través de GESTORES TÉCNICOS ASEGURADORES CORREDURÍA DE SEGUROS

Importe total: 150,00 EUROS

Expte: 6772/335. CONTRATACIÓN DA RECEPCIÓN DE REIS MAGOS MAÑÁ NO AUDITORIO POLA CABALGATA DE REIS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2540

Adxudicatario: BARAFUNDA SLU

Importe total: 5.920,53 EUROS

Expte: 6774/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN PARA O III CERTAME DE RONDALLAS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2638

Adxudicatario: XESTIÓN COMERCIAL DE MERCADOS RETALLISTAS SL

Importe total: 15.958,00 EUROS

Expte: 6775/335. CONTRATACIÓN DO ALUGUER DO RECINTO PARA O III CERTAME DE RONDALLAS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2640

Adxudicatario: INSTITUTO FEIRAL DE VIGO

Importe total: 13.733,50 EUROS

Expte: 6776/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DE GRADAS PARA O III CERTAME DE RONDALLAS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2641

Adxudicatario: INSTITUTO FEIRAL DE VIGO

Importe total: 14.278,00 EUROS

Expte: 6777/335. CONTRATACIÓN DO SON PARA O III CERTAME DE RONDALLAS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2642

Adxudicatario: TECNOIMAX SL

Importe total: 10.890,00 EUROS

Expte: 6778/335. CONTRATACIÓN DA SEGURIDADE PARA O III CERTAME DE RONDALLAS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2643

Adxudicatario: SEGURIDAD Y PLANIFICACIÓN GALICIA SL

Importe total: 1.210,91 EUROS

Expte: 6779/335. CONTRATACIÓN DA ELABORACIÓN DUN PLAN DE AUTOPROTECCIÓN PARA O III CERTAME DE RONDALLAS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2644

Adxudicatario: SERVIZOSXA SL

Importe total: 1.421,75 EUROS

Expte: 6780/335. CONTRATACIÓN DA LIMPEZA DO RECINTO PARA O III CERTAME DE RONDALLAS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2645

Adxudicatario: VIGUESA DE LIMPIEZAS ALMI SL

Importe total: 3.388,00 EUROS

Expte: 6781/335. CONTRATACIÓN DOS CACHETS POR ACTUACIÓNS PARA O III CERTAME DE RONDALLAS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2646

Adxudicatario: FEDERACIÓN DE RONDALLAS DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Importe total: 21.430,89 EUROS

Expte: 6782/335. CONTRATACIÓN DA RETRANSMISIÓN TELEVISIVA DO III CERTAME DE RONDALLAS

Decreto concelleira data: 04/01/2017

Informe Intervención: RCM 2639

Adxudicatario: INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO SL

Importe total: 12.705,00 EUROS.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE, DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2017. EXPTE. 7560/224.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 3/02/17, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31^a das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de xaneiro do ano 2017.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
7463-224	CMSE	Cursos de <i>percusión e canto tradicional</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Elena Pérez Posada	23112260600	11/01/17	1.998,00 €

7464-224	CMSE	Cursos de <i>debuxo, retrato e caricatura</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mª Carmen Lamas Estévez	23112260600	11/01/17	1.584,00 €
7465-224	CMSE	Cursos de <i>axilidade mental e memoria</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mónica Calvo Serrano	23112260600	11/01/17	2.160,00 €
7466-224	CMSE	Cursos <i>risoterapia</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mª Pilar Lorenzo Represas	23112260600	11/01/17	864,00 €
7467-224	CMSE	Cursos de <i>axilidade mental, memoria e autoestima</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Asociación de Mulleres Monitoras	23112260600	13/01/17	5.940,00 €
7468-224	CMSE	Cursos de <i>pilates e ioga</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Asoc. Gallega de Aerobic, Fitness Saúde	23112260600	11/01/17	4.968,00 €
7469-224	CMSE	Cursos de <i>risoterapia, memoria, pilates, etc.</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mª Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	11/01/17	10.224,00 €
7470-224	CMSE	Cursos de <i>coñece a cidade a través de súa historia</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mª Purificación Pérez González	23112260600	13/01/17	936,00 €
7471-224	CMSE	Cursos de <i>teatro</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Alejandra Abreu Pérez	23112260600	11/01/17	792,00 €
7472-224	CMSE	Cursos de <i>tai-chí</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Marisol Rodríguez Fernández	23112260600	13/01/17	1.440,00 €
7478-224	CMSE	Cursos de <i>pilates</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Susana Táboas Docampo	23112260600	13/01/17	1.440,00 €
7479-224	CMSE	Cursos de <i>informática</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Uxía Cazorla Silva	23112260600	11/01/17	720,00 €
7553-224	CMSE	Cursos de <i>percusión e canto tradicional</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Elena Pérez Posada	23112260600	24/01/17	720,00 €
7552-224	CMSE	Cursos de <i>risoterapia</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Mª Pilar Lorenzo Represas	23112260600	24/01/17	720,00 €
7554-224	CMSE	Cursos de <i>axilidade mental e memoria</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	Consuelo Vilasánchez Muñoz	23112260600	26/01/17	1.440,00 €
7555-224	CMSE	Cursos de <i>pilates</i> do programa "Ser Muller é unha boa idea"	CCAR de Valladares	23112260600	24/01/17	1.440,00 €
7546-224	CMSE	Realización-difusión de actividades con motivo do 8 de marzo " <i>Día internacional da Muller</i> "	Xenérico	23112260601	24/01/17	12.000,00 €
7547-224	CMSE	Actividades dentro do Marco do IV PIOM	Xenérico	23112279906	24/01/17	9.000,00 €
7548-224	CMSU	Adquisición libros-revistas para os servizos adscritos á concellería	Xenérico	23112200100	24/01/17	2.700,00 €
7549-224	CMSE	Realización de campañas contra a violencia de xénero	Xenérico	23112260200	24/01/17	13.000,00 €
7550-224	CMSE	Mantemento e pequenas reparacións dos servizos adscritos á concellería	Xenérico	23112120000	24/01/17	3.000,00 €
7551-224	CMSE	Difusión de actividades e servizos da concellería	Xenérico	23112279906	24/01/17	6.000,00 €
7538-224	CMSE	Dinamización e xestión da Casa das Mulleres de xaneiro-xuño	Xoma Iniciativas Sociais	23112279910	11/01/17	10.853,70 €
7539-224	CMSE	Dinamización e xestión do C D R Feministas de xaneiro-xuño	Xoma Iniciativas Sociais	23112279906	11/01/17	10.853,70 €
7531-224	CMSE	Servizos de mensaxería e transporte	Xenérico	23112230000	11/01/17	2.700,00 €
7532-224	CMSE	Elaboración de materiais e impartición de obradoiros nos centros de ensino do programa "Camiña con nós pola igualdade"	Asociación de Mulleres Progresitas	23112279906	10/01/17	12.604,00 €
7533-224	CMSE	Programa específico de apoio psicolóxico para fillas e fillos das mulleres vítimas de violencia de xénero	Gabinete de Psicología Karma SL	23112279906	11/01/17	10.852,93 €
7534-224	CMSE	Coordinación, montaxe e desmontaxe exposición itinerante "Violencia Sexual na Xuventude"	Ana Mª Costas Carbajal	23112279906	05/01/17	1.452,00 €
7535-224	CMSE	Megafonía nas concentracións en repulsa da violencia de xénero	Inmovisual Vigo S L	23112279906	11/01/17	3.702,60 €

7530-224	CMSU	Subministros para programas realizados desde os servizos adscritos á concellería	Xenérico	23112219900	05/01/17	2.700,00 €
7557-224	CMSE	Impartición de obradoiros na Casa das Mulleres no 1º semestre	Xenérico	23112279906	31/01/17	5.200,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10.- RECTIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA CASA DO CONCELLO E A INSTALACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS E SÓLIDOS (VENDING) NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 19840/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 6/02/17, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e fiscalizado polo interventor xeral, que di o seguinte:

I.- O Concelleiro delegado de Patrimonio en data 12.05.16, dispón que se inicie polo Servizo de patrimonio os trámites administrativos pertinentes para sacar a licitación pública a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello.

Unha vez instruído o expediente, redactados os pregos de prescricións técnicas e administrativas particulares, informado pola Asesoría xurídica e pola Intervención, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de xaneiro de 2017, acordou:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais .

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescrición Técnicas Particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial de data 17 de agosto de 2016, o cal abrangue como anexos a memoria valorada das obras a executar tanto no espazo da cafetería no andar -1 e na área de descanso do persoal municipal sita no segundo andar da casa do Concello, de data abril de 2016.

Terceiro.-Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 16 de xaneiro de 2017.

Cuarto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.Unha vez instruído e informado o expediente, remítase para a súa inclusión na orde do día da vindeira Xunta de Goberno Local”

II.- A Cláusula 22 deste último prego, obriga ó adxudicatario a garantir con carácter

definitivo a correcta prestación do servizo, determinando que o licitador que resulte adxudicatario do contrato deberá prestar unha garantía definitiva do 5% do prezo do contrato. Considerando que o valor estimado do contrato é de 2.755.340, 28 €, o importe da garantía sería de 137.767,014 .

Segundo informe da Xefatura de Área de Xestión Patrimonial e Territorial que consta no expediente, unha garantía tan elevada resulta de que o valor do contrato se calculou considerando os ingresos previstos para a concesión durante o seu prazo de duración, **catorce anos**. Esta circunstancia, unida a que a adxudicataria do contrato está obrigada a executar obras de reforma da cafetería e área de descanso, poidera limitar substancialmente a concurrencia na licitación.

O apartado 1 do artigo 95 TRLCSP permite que atendidas as circunstancias concurrentes no contrato, o órgano de contratación poida eximir ó adxudicatario da obriga de constituir garantía, xustificándoo nos pregos, agás que estemos ante un contrato de obra ou de concesión de obras públicas . Co fin de conciliar os intereses municipais e os dos posibles licitadores e promover a concurrencia na licitación, procedeuse polo Servizo de Contratación a modificar a contía da garantía definitiva fixándoa en 20.000 euros, considerándoa dabondo para respostar da dixente execución do contrato.

III.- De conformidade co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, órgano de contratación en virtude do disposto no apartado terceiro da disposición adicional 2ª TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Rectificar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares para a licitación da explotación da cafetería na Casa do Concello de Vigo e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipais, únicamente no que se refire ó importe da garantía definitiva a presentar polo adxudicatario, referida na Cláusula 22 do citado prego, garantía que será de 20.000 euros.

Consta no expediente o Prego de Prescricións Administrativas Particulares correxido, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 02.02.17.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(60).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 3012,59 € A FAVOR DE TAELO S. COOP. POLA PRESTACIÓN EFECTIVA DO SERVIZO DE RADIOCUMINICACIÓNS PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN INCENDIOS (DECEMBRO 2016-1ª QUINCENA XANEIRO 2017). EXPTE. 52346/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/02/17, dáse conta do informe-proposta do 31/01/17, asinado polo xefe da área de Mobilidade e Seguridade, o intendente da Policía Local e polo concelleiro-delegado de Seguridade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A mercantil TAELO S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 presenta a través da plataforma FACE:

Factura de data 24/01/2017, nº. TR80002/17 por importe de 3012,59 € (IVE incluído) polo concepto de infraestrutura e mantemento da rede trunking, durante o mes de decembro do 2016 e 1ª quincena de xaneiro do 2017, para o Corpo de Bombeiros, expte. 52348/212.

Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar un expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 por importe total de 3019,59 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para o servizo de Prevención e Extinción de Incendios, correspondente ao período de decembro do 2016 e 1ª quincena de xaneiro do 2017, segundo as facturas Nº. TR80002/17, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo. A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrución Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- As facturas traen causa dunha prestación de servizo levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, por motivos materiais, o servizo de Prevención e Extinción de Incendios non pudo utilizar plena e únicamente o servizo de comunicacións da rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia.

O contrato coa mercantil rematou o 31 de maio de 2014 e, en tanto no se transitou hacia o sistema público, o Concello seguiu precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e extinción de incendios.

Non en tanto a prestación durante este período de tránsito carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual. A forte inversión que require a infraestrutura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquera empresa distinta da última adxudicataria- TAELO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademais a adxudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAELO, adxudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestrutura de comunicacións, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o período da prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto. Por outra parte, dada a singular e ventaxosa situación na que se atopa a comercial non resulta vulnerado o principio de igualdade.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- As facturas responden aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

En canto ao importe da factura- 3012,59 €, ive engadido- responde a estimacions de mercado e as propias previsions do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de características do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorporáronse tamén sendas declaracións do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demais axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- O servizo de radiocomunicacións resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local e prevención e Extinción de Incendios; ambos servizos constitúen materias sobre as que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) e 26.1,c) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 diciembre, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .

A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, levase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade; a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local; a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO:

–Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe total de 3012,59 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacións para o servizo de Prevención e Extinción de Incendios, correspondente ao período de decembro de 2016 e 1ª quincena de xaneiro do 2017, segundo a factura Nº. TR80002/17, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto

do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

–Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking) e o su nivel de vinculación xurídica.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(61).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 10.040,83 € A FAVOR DE BBVA FINANCI A AUTORENTING S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ARRENDAMENTO DOS VEHÍCULOS POLICIAIS (NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2016). EXPTE. 52336/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/02/17, dáse conta do informe-proposta do 31/01/17, asinado polo xefe da área de Mobilidade e Seguridade, o intendente da Policía Local e polo concelleiro-delegado de Seguridade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. O 20 de novembro de 2015, o Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade mediante Decreto resolveu:

“1º Que ante a inminente extinción do actual contrato de renting dos vehículos de vehículos para a Policía Local (expte 34411/212), sin rematar a adxudicación do seguinte, e dada a indispensabilidade do mesmo para o eficaz exercicio das competencias propias en materia de Policía Local, ordenar que se siga prestando o servizo pola adxudicataria do actual contrato de renting.

En consecuencia, solicitar a BBVA FINANCI A AUTORENTING, S.A., que nas mesmas condicións económicas actuais, continúe coa prestación do servizo de renting dos 14 vehículos que próximamente rematan a prórroga, en tanto en canto non se comence a executar o próximo contrato.

Os vehículos e as datas de continuación da prestación son os seguintes:

–27/11/2015:

2642HDK; 2656HDK; 2641HDK; 2643HDK; 2644HDK.

–10/12/2015:

2645HDK; 1738HDK; 2655HDK; 2647HDK; 1739HDK.

–30/12/2015

2658HDK; 2659HDK; 2653HDK; 2660HDK.

2º.- Que polo servizo da Policía Local se traslade a BBVA Financia Autorenting, S.A dita solicitude de continuación do servizo”.

II. Non en tanto, o 29 de decembro de 2015 causou baixa por sinistro total o vehículo matrícula 2655HDK. Asimesmo, o 26/03/2016, rematou a prórroga dos dous vehículos da clase 3: 4718HDS e 3213HGB.

III. A mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776 presenta a través da plataforma FACE:

–Factura nº DIV1600874, data de 05/12/2016, por importe de 4.564,67 €, en concepto de renting dos vehículos: 1738HDK, 1739HDK, 2641HDK, 2643HDK, 2645HDK, 2647HDK, 2653HDK, 2656HDK; para o periodo 01/11/2016 ao 15/11/2016, (expte.52338 /212).

–Factura nº 11E169910000151645, data de 01/11/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 3213HGB para o periodo 01/11/2016 ao 30/11/2016, (expte.52340 /212)

–Factura nº 11E169910000151646, data de 01/11/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 4718HDS para o periodo 01/11/2016 ao 30/11/2016, (expte.52342 /212)

–Factura nº 11E169910000166736, data de 01/12/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 3213 HGB para o periodo 01/12/2016 ao 31/12/2016, (expte.52334 /212)

–Factura nº 11E169910000166737, data de 01/12/2016, por importe de 1.369,04 €, en concepto de renting do vehículo matrícula 4718HDS para o periodo 01/12/2016 ao 31/12/2016, (expte.52339 /212)

IMPORTE TOTAL:..... 10.040,83 €

IV. Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, por importe de 10.040,83 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos vehículos policiais, durante os meses de novembro e decembro do 2016, segundo as facturas que se detallan no apartado IX, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- As facturas traen causa dunha prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non se completa o subministro de vehículos do novo contrato de renting (expte. 43577/212), adxudicado polo órgano de contratación ao Banco Santander (o 15 de novembro xa foron entregadas as 8 primeiras unidades e na actualidades só restan por entregar tres furgonetas) . Mentras tanto o Concello, ao carecer de vehículos policiais propios, sigue precisando do servizo de arrendamento de vehículos na modalidade de renting para a prestación dos servizos de disciplina do tráfico e seguridade de persoas e bens legalmente encomendados conforme aos estándares de eficacia socialmente esixidos.

Non en tanto a prestación durante este curto período que transita entre o remate da prórroga do anterior contrato de renting e o total subministro dos vehículos no novo contrato, carece de mercado, é claramente un obxecto contractual residual, que non se obtería en mellores condicións económicas acudindo a un procedemento de contratación dos previstos no TRL-CSP.

Segundo.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertence a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.

Terceiro.- As facturas responden aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).

O importe das mesmas responde aos prezos do contrato de renting extinguido, prezos máis baixos cós que rixen actualmente no mercado

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1320.204.0000 (renting vehículos da policía local) e o seu nivel de vinculación xurídica. Asimesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorporouse tamén a declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accións xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

En todo o demáis axustase a Instrución nº 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.

Cuarto.- O servizo de renting dos vehículos policías resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local, materia sobre a que os Municipios ostentan competencias propias, directamente incardinables na autonomía local, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local .

A concreción do interese local nestas materias e a conseguinte atribución de competencias que reclama a garantía constitucional da autonomía local, lévase a cabo polo lexislador sectorial especialmente na Lei Orgánica 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade e a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais.

Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO:

1. Aprobar a favor da mercantil BBVA Financia Autorenting, S.A., CIF. A60028776, unha indemnización substitutiva (convalidación) por importe total de 10.040,83 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de arrendamento dos vehículos policiais que se determinan nas facturas, durante os meses de novembro e decembro do 2016, segundo as facturas que se detallan nos antecedentes, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.”

2. Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da policía local) e o su nivel de vinculación xurídica.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(62).- DIETAS DAS ASISTENCIAS DOS MEMBROS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ENCARGADO DE AVALIAR AS PROBAS DE OFICIAL CONDUTOR (OEP 2010-2011, 2ª FASE). EXPTE: 29335/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 23/01/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación, a xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14/09/2012, aprobou as bases xerais reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2010-2011 (publicadas no DOG nº 240 de 18/12/2012), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 23407/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 27309/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que

corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de Oficial Conductor, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 1962,59 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. Ezequiel Fernández Carpintero, presidente titular, ((núm. persoal 16283), con DNI 36.040.789-L, oito asistencias de 42,83 €, importa un total de 342,64 €.

D. Lucio Camilo Varela Borreguero, secretario titular (nº persoal 17495), con DNI nº 36.023.156-G , oito asistencias de 42,83 €, importa un total de 342,64 €.

D. Saturnino Jardón Losada, vogal (núm. Persoal 17561), con DNI 34.935.716-G, sete asistencias de 39,78 €, importa un total de 278,53 €.

D. Juan Carlos Peón Justo, con DNI 35.294.403-Y, vogal titular do órgano de selección, con domicilio en Avda de Lugo n. 14 - 3º I, 3600-Pontevedra, oito asistencias de 39,78 €, máis kilometraje 42 Km. x 8 x 0,19 (63,84 €) e gastos de parking por 20,00 €, o que supón un total de 402,08 € a abonar no número IBAN ES64 0049 5270 8826 9577.

D. Juan Alberto Martíns Fernández, vogal (núm. Persoal 16142), con DNI 36.027.781-Y, sete asistencias de 39,78 €, importa un total de 278,53 €.

D. Juan Carlos Illán Lombao, vogal (núm. Persoal 79341), con DNI 33.329.187-W, unha asistencia de 39,78 €.

Dª. Beatriz Lago Dios, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 81854), con DNI 36.116.679-D, unha asistencia de 39,78 €.

Dª Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 82190), con DNI 36.134.363-Y, unha asistencia de 39,78 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesoramento especial (nº persoal 22390), con DNI nº 36.091.674-M, unha asistencia de 39,78 €.

D. Rafael Moledo Alonso, asesoramento especial (nº persoal 20899), con DNI 36.105.623-Q, unha asistencia de 39,78 €.

D. Jesús Carballo Magariños, asesoramento especial (nº persoal 80659), con DNI 76.819.393-Z, dúas asistencias de 39,78 €, importa 79,56 €.

Dª. Marta Patricia Souto González, asesoramento especial (nº persoal 23840), con DNI nº 36.054.893-R, unha asistencia de 39,78 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do órgano

de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a contratación en réxime laboral fixo de tres prazas de persoal laboral de Oficial Conductor correspondentes á OEP 2010-2011 (2ª fase) e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 1962,59 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. Ezequiel Fernández Carpintero, presidente titular, ((núm. persoal 16283), con DNI 36.040.789-L, oito asistencias de 42,83 €, importa un total de 342,64 €.

D. Lucio Camilo Varela Borreguero, secretario titular (nº persoal 17495), con DNI nº 36.023.156-G , oito asistencias de 42,83 €, importa un total de 342,64 €.

D. Saturnino Jardón Losada, vogal (núm. Persoal 17561), con DNI 34.935.716-G, sete asistencias de 39,78 €, importa un total de 278,53 €.

D. Juan Carlos Peón Justo, con DNI 35.294.403-Y, vogal titular do órgano de selección, con domicilio en Avda de Lugo n. 14 - 3º I, 3600-Pontevedra, oito asistencias de 39,78 €, máis kilometraje 42 Km. x 8 x 0,19 (63,84 €) e gastos de parking por 20,00 €, o que supón un total de 402,08 € a abonar no número IBAN ES64 0049 5270 8826 9577.

D. Juan Alberto Martíns Fernández, vogal (núm. Persoal 16142), con DNI 36.027.781-Y, sete asistencias de 39,78 €, importa un total de 278,53 €.

D. Juan Carlos Illán Lombao, vogal (núm. Persoal 79341), con DNI 33.329.187-W, unha asistencia de 39,78 €.

Dª. Beatriz Lago Dios, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 81854), con DNI 36.116.679-D, unha asistencia de 39,78 €.

Dª Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 82190), con DNI 36.134.363-Y, unha asistencia de 39,78 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesoramento especial (nº persoal 22390), con DNI nº 36.091.674-M, unha asistencia de 39,78 €.

D. Rafael Moledo Alonso, asesoramento especial (nº persoal 20899), con DNI 36.105.623-Q, unha asistencia de 39,78 €.

D. Jesús Carballo Magariños, asesoramento especial (nº persoal 80659), con DNI 76.819.393-Z, dúas asistencias de 39,78 €, importa 79,56 €.

Dª. Marta Patricia Souto González, asesoramento especial (nº persoal 23840), con DNI nº 36.054.893-R, unha asistencia de 39,78 €.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(63).- PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TRLEBEP, COMO ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS. EXPTE: 29390/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 02/02/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación, a xefa do servizo de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

En data 17/09/2015, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, á vista da solicitude formulada polo xefe da Área de Fomento de data 21/06/2015, ordena a iniciación dun expediente administrativo para a elaboración dunhas bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (na actualidade Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 11/12/2015, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, expte. 27059/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en data 12 de xaneiro de 2016.

Na base IV da convocatoria, último parágrafo, establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, adoptou acordo de aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria sustituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das

Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, adoptou acordo de modificación puntual dos referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 01 de febreiro de 2017, formulou a correspondente proposta dos/as 3 aspirantes aptos para confeccionar a referida bolsa de emprego, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUA- CIÓNS TOTAIS
20	PAZ SALGADO	XACOBÉ	36118323C	16,740
16	MARTÍNEZ GIRÁLDEZ	FÁTIMA	34879166B	15,823
25	SÁNCHEZ GONZÁLEZ	JUAN MANUEL	35557767C	14,083

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, , ordenada por orde de puntuación de maior a menor, e que inclúe aos/as aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 01 de febreiro de 2017, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUA- CIÓNS TOTAIS
20	PAZ SALGADO	XACOBÉ	36118323C	16,740
16	MARTÍNEZ GIRÁLDEZ	FÁTIMA	34879166B	15,823
25	SÁNCHEZ GONZÁLEZ	JUAN MANUEL	35557767C	14,083

Segundo.- Dispoñer que a referida lista terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria

de Oferta de Emprego Público, expirando a súa validez aos tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(64).- PROPOSTA DE CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TRLEBEP, COMO ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS. EXPTE: 29401/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 6/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 02/02/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación, a xefa do servizo de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes:

En data 17/09/2015, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, á vista da solicitude formulada polo xefe da Área de Fomento de data 21/06/2015, ordena a iniciación dun expediente administrativo para a elaboración dunhas bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (na actualidade Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Enxeñeiros Industriais.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 11/12/2015, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Enxeñeiros Industriais, expte. 27060/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en data 12 de xaneiro de 2016.

Na base IV da convocatoria, último parágrafo, establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, adoptou acordo de aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- *supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- *supostos de incapacidade temporal (IT);*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- *supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirásse á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria sustituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, adoptou acordo de modificación puntual dos referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 01 de febreiro de 2017, formulou a correspondente proposta dos/as 4 aspirantes aptos para confeccionar a referida bolsa de emprego, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUA- CIÓNS TOTAIS
3	ARRANZ GONZÁLEZ	BEGOÑA	53170355J	19,6875
25	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	ROBERTO CARLOS	36137134V	16,5830
51	TAPIAS BOUSO	CRISTINA	53180899T	16,5205
17	ELÍAS SANTOS	MARÍA JESÚS	53170915K	14,9375

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Enxeñeiro/a Industrial, ordenada por orde de puntuación de maior a menor, e que inclúe aos/as aspirantes en condicións de ser

nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Enxeñeiro/a Industrial, segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 01 de febreiro de 2017, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUA- CIÓN S TOTAIS
3	ARRANZ GONZÁLEZ	BEGOÑA	53170355J	19,6875
25	GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	ROBERTO CARLOS	36137134V	16,5830
51	TAPIAS BOUSO	CRISTINA	53180899T	16,5205
17	ELÍAS SANTOS	MARÍA JESÚS	53170915K	14,9375

Segundo.- Dispoñer que a referida lista terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, expirando a súa validez aos tres anos dende a adopción do presente acordo.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(65).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA PROPOSTA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN DE DATA 30/01/2017 E, CONSECUENTEMENTE, DO ACORDO DA XGL DE 02/02/2017, EN EXPTE. Nº 29371/220. EXPTE: 29421/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 06/02/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación, a xefa do servizo de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, de data 02 de febreiro de 2017 foron cesadas como funcionarias interinas nas prazas de Diplomado/a en Traballo Social D^a SILVIA MARTÍNEZ GUEDE, con DNI 36.142.885-H e nº de persoal 80631 e D^a SOFÍA MÉNDEZ CAMAÑO, con DNI 36.173.583-B e nº de persoal 80676, con efectos económicos e administrativos do día 01 de febreiro de 2017.

Detectado erro no DNI e no número de persoal de D^a Sofía Méndez Camaño, dado que no Informe-proposta césase, como funcionaria interina na praza de Diplomado/a en Traballo Social, a Dona Sofía Méndez Camaño, con DNI 36.173.583-B e nº de persoal 80676, cando os datos correctos son DNI 76.826.904-G e número de persoal 80678, procede rectificar os mesmos.

Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

“**ÚNICO.**- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o erro detectado na proposta da Área de Recursos Humanos e Formación, de data de 30/01/17, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/02/17 (Expte. 29371/220) de cesamento de dúas Diplomado/a en Traballo Social, debendo figurar onde di:

“ D^a SOFÍA MÉNDEZ CAMAÑO, con DNI 36.173.583-B e nº de persoal 80676 ”
o seguinte:

“ D^a SOFÍA MÉNDEZ CAMAÑO, con DNI 76.826.904-G e nº de persoal 80678”

, mantendo os restantes extremos do acordo indicado”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(66).- REINTEGRO DE GASTOS DE DEFENSA LETRADA POR CONCELLEIRO CON OCASIÓN DE PROCEDIMENTO XUDICIAL NO QUE TEN SIDO PARTE. EXPTE. 1447/110.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/02/17, dáse conta do informe-proposta de data 6/02/17, asinado polo secretario do Pleno e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

EBEP. R. D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público.

CP. Código Penal.

ROFCL. R. D. 2568/1986, de 25 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das CC. LL.

Antecedentes. Mediante escrito de 16.12.2016 D. Xabier Alonso Pérez, concelleiro delegado de Deportes do Concello de Vigo no período comprendido entre 11.06.2007 e 13.06.2015, solicita o reintegro dos honorarios profesionais de defensa letrada satisfeitos con ocasión das dilixencias previas do Pcdto. Abrev. 3428/2014 incoadas polo Xulg. de Inst. nº 1 de Vigo; adxunta Auto de 28.07.2016 que na parte dispositiva di, “(...) *Se acorda o sobresemento provisional e parcial da presente causa respecto dos investigados: ... Xabier Alonso Pérez (...)*”

O concelleiro delegado de Réxime Interior, mediante Providencia de 23.01.2017, insta da Secretaría Xeral do Pleno a emisión de informe-proposta; cando a peticións de informes veñen solicitadas por un concelleiro enténdese que estes actúan en delegación da Alcaldía séndolles de aplicación o sinalado no art. 112.5.e).1º. da LBRL; a estes efectos emítese o seguinte,

INFORME

I. As dilixencias previas do Pcdto. Abrev. 3428/2014 do Xulg. de Inst. nº 1 de Vigo refírense a expediente tramitado no Concello de Vigo no que presuntamente participou, no exercicio do seu cargo como concelleiro delegado de Deportes, Xabier Alonso Pérez.

Nas dilixencias o peticionario contratou a defensa de avogado supoñendo iso un gasto.

O art. 75.4 da LBRL sinala, “(...) *Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas (...)*”. En similar sentido o art. 13.5 do ROFCL.

O EBEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no art. 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, “(...) *Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (...)*”.

Os concelleiros, no seu exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos. O art. 24.2 do CP, considera funcionario público a, “(...) *quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (...)*”.

O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres circunstancias: (i) que sexa por unha actuación en cumprimento das súas funcións; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso ou desviación de poder, e (iii) cando exista arquivo ou absolución.

Concorren as circunstancias.

O sobresemento “parcial” da causa é consecuencia de que na mesma se mantén a investigación doutros terceiros.

O sobresemento “provisional” respecto de D. Francisco Xabier Alonso Pérez supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrución xurdan novos indicios ou probas; non obstante, “(...) O Auto de sobresemento provisional, pola a súa propia

natureza, non pode xuridicamente afectar a presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (...)", STS 6.05.1983.

II. O importe dos honorarios profesionais, segundo factura, se eleva a 2.420,00 euros.

Existe liberdade de pacto entre cliente/avogado en relación aos honorarios. O importe é acorde aos prezos de mercado.

PROPOSTA DE ACORDO

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Abonar a D. Xabier Alonso Pérez o importe de 2.420,00 euros en concepto de reintegro de honorarios profesionais de defensa letrada satisfeitos con ocasión das dilixencias previas do Pcdto. Abrev. 3428/2014 incoadas polo Xulg. de Inst. nº 1 de Vigo.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo o interesado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(67).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CINE CLUB LUMIÈRE, PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O EXERCICIO 2017. EXPTE. 1126/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26/01/17 e o informe de fiscalización do 6/02/17, dáse conta do informe proposta de data 25/01/17, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 19 de xaneiro de 2017, o Cineclub Lumiere Vigo presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 20 de xaneiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización da programación de cine en versión orixinal, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

CINECLUB LUMIÈRE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

PROGRAMA E ORZAMENTO

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no Auditorio Municipal do Concello, os luns ás 20:30 h, nos meses de xaneiro a xuño e de setembro a decembro.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 21.632,62 € (vinteún mil seiscentos trinta e dous euros con sesenta e dous céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (46,23 %)
- Venda de entradas: 4.895 € (22,63 %)
- Cotas de socios e colaboradores: 5.980 € (27,64 %)
- Publicidade: 757,62 € (3,50 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo e póliza de seguro RC.
- Escrito de data 24 de xaneiro de 2017, asinado polo presidente do *CINECLUB LUMIÈRE VIGO* de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á programación de cine en versión orixinal para o presente exercicio.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación *CINECLUB LUMIÈRE VIGO* para a organización da programación de cine en versión orixinal para o presente exercicio, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á asociación *CINECLUB LUMIÈRE VIGO* deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á asociación *CINECLUB LUMIÈRE VIGO* ten como obxecto financiar a organización da programación de cine en versión orixinal para o presente exercicio e figura na aplicación 3340.480.00.02 do orzamento municipal vixente, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á asociación *CINECLUB LUMIÈRE VIGO*, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á asociación CINECLUB LUMIÈRE VIGO, CIF. G36758696, para o financiamento da programación de proxeccións de cine en versión orixinal durante o exercicio 2017, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 “CONVENIO CINE LUMIERE”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a asociación CINECLUB LUMIÈRE VIGO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de proxeccións de cine en versión orixinal durante o exercicio 2017.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MAILLO CINE CLUB LUMIERE PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O EXERCICIO 2017.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezasete.

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodriguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. XOÁN MANUEL NOVEGIL GONZÁLEZ-ANLEO, na súa condición de presidente da entidade CINECLUB LUMIÈRE VIGO, CIF G-36.758.696, e enderezo social na rúa Doutor Cadaval, 33 da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que CINECLUB LUMIÈRE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación do CINECLUB LUMIÈRE VIGO, como medio que é de promover o interese polas proxeccións cinematográficas en versión orixinal.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.02, como subvención nominativa, a favor do CINECLUB LUMIÈRE VIGO, a cantidade de 10.000 euros.

IV.- Que o CINECLUB LUMIÈRE VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa de proxeccións cinematográficas en versión orixinal, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio, e que se desenvolverá nos meses de xaneiro a xuño e de setembro a decembro de 2017 no Auditorio Municipal do Concello.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 21.632,62 € (vinteún mil seiscientos trinta e dous euros con sesenta e dous céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (46,23 %)
- Venda de entradas: 4.895 € (22,63 %)
- Cotas de socios e colaboradores: 5.980 € (27,64 %)
- Publicidade: 757,62 € (3,50 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no Auditorio Municipal do Concello, os luns ás 20:30 h, nos meses de xaneiro a xuño e de setembro a decembro.

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

-Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D^a. Emilia López Alonso, secretaria da entidade.

-Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos

mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
- Ceder gratuitamente o Auditorio Municipal do Concello, según a súa dispoñibilidade e necesidades do propio Concello, para o que a ASOCIACIÓN

presentará a solicitude correspondente, cunha antelación mínima de un mes respecto ao comezo de cada un dos trimestres de programación.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN en dous prazos, polo 50% do importe da subvención outorgada ou resultante, correspondente a cada un dos periodos xaneiro-xuño e setembro-décembro, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Para cada periodo indicado, a xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa para cada un dos periodos (“xaneiro-xuño” e “setembro-décembro”)

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades; en todo caso, o límite máximo será o 30 de novembro de 2017.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.

2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración

ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de

subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA DE PROXECCÍONS CINEMATOGRAFICA EN VERSIÓN ORIXINAL 2017

1.- GASTOS:

Aluguer de películas	7.100 €
Aluguer de oficina	2.501,42 €
Portes películas	380,50 €
Organización, xestión e gastos xerais	11.650,70 €
TOTAL GASTOS	21.632,62 €

2.- INGRESOS:

Subvención Concello de Vigo	10.000 €
Venda de entradas	4.895 €
Cotas de socios e colaboradores	5.980 €
Publicidade	757,62 €
TOTAL INGRESOS	21.632,62 €

19(68).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS DURANTE O MES DE XANEIRO 2017. EXPTE. 1797/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 02/02/17, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e o concelleiro-delegado da Área de Cultural, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de XANEIRO, e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1781/341. Reserva xenérica de crédito para servizos de mantemento, reparación e conservación en dependencias museísticas e expositivas. RCM 3836.	11/01/17	3.000,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1782/341. Reserva xenérica de crédito para subministración de elementos para reparación e conservación de dependencias museísticas. RCM 3837.	11/01/17	3.000,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1779/341. Reserva xenérica de crédito para servizos de revisión e reparación de maquinaria e instalacións en dependencias museísticas. RCM 3834.	11/01/17	1.000,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1780/341. Reserva xenérica de crédito para subministracións para reparacións, mantementos e conservación de maquinaria e instalacións técnicas para dependencias museísticas. RCM 3835.	11/01/17	1.000,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1783/341. Reserva xenérica de crédito para subministración de produtos de limpeza. RCM 3838.	11/01/17	500,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1769/341. Reserva xenérica de crédito para servizos de mensaxería e distribución do servizo de Museos Municipais. RCM 3163	09/01/17	3.500,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1767/341. Contrato privado de seguro da colección Luis Torres na Casa das Artes. AXA ART VERSICHERUNG AG, Sucursal España. RCM 3165.	09/01/17	3.284,56 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1768/341. Contrato privado de seguro da colección Francisco Fernández del Riego na Casa Galega da Cultura. AXA ART VERSICHERUNG AG, Sucursal España. RCM 3304.	09/01/17	803,12 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1766/341. Contrato privado de seguro da Colección Fotográfica do Concello de Vigo depositada no Museo Marco. AXA ART VERSICHERUNG AG, Sucursal España. RCM 5855.	30/01/17	1.879,87 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1776/341. Reserva xenérica de crédito para subministración de material básico de difusión e rotulación. RCM 4382.	12/01/17	1.000,00
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1784/341. Reserva xenérica de crédito para visitas guiadas esporádicas en centros da Rede de Museos para 2017. RCM 3839.	11/01/17	2.500,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1777/341. Autorización de gasto para dereitos de autor derivados da programación do Servizo de Museos. RCM 7139.	20/01/17	1.500,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1765/341. Subministración de lonas exteriores para exposicións na Casa das Artes e na Casa Galega da Cultura. GALEGA DE CARTEIS, S.L. RCM 3672.	11/01/17	6.673,15 €

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1770/341. Subministración de material gráfico para as exposicións "II Edición do concurso de relato fotográfico Dra Susana Santeiro" e "XX Maratón Fotográfico Concello de Vigo" na Casa das Artes. J. Marcos Rodríguez Vila (FASIDEAS), con NIF: 36107169K. RCM 3715.	11/01/17	2.817,96 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1790/341. Servizos de Comisariado para a execución da exposición "Tempos dun encontro. Ánxel Huete, Manel Lledós e Miguel Saco" e revisión lingüística de textos do material de difusión. MARÍA JESÚS MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ. RCM 6518.	20/01/17	4.566,04 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1774/341. Reserva xenérica de crédito para estudos e traballos técnicos. RCM 7139.	17/01/17	2.000,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1763/341. Servizos de mantemento preventivo dos grupos electróxicos de Casa das Artes. ELECTRONAVIA INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO, S.L. RCM 3705.	11/01/17	431,36 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1771/341. Reserva xenérica de crédito para distintos traballos técnicos. RCM 3673.	11/01/17	1.000,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1762/341. Contratación dos servizos de mantemento preventivo do elevador de Casa das Artes. ZARDOYA OTIS, S.A. RCM 3164.	09/01/17	2.136,96 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1764/341. Servizos de mantemento preventivo das instalacións de climatización de Casa das Artes o do Centro de Artesanía Tradicional (CAT). VEOLIA SERVICIOS INTEGRADOS NORTE, S.A.U. RCM 3706.	11/01/17	1.705,22 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5910/337. Xenérica de crédito para servizos de mantemento, reparación e conservación. RCM 3636.	10/01/17	3.000,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5918/337. Reserva xenérica de crédito para gastos de transporte e mensaxería do Museo. RCM 4472.	13/01/17	500,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5905/337. Contratación da póliza de seguro da colección de Arte antiga e artes decorativas do Museo Municipal "Quiñones de León" para o ano 2017. AXA ART. RCM 4512.	16/01/17	7.491,58 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5906/337. Contratación da póliza do seguro da colección de arqueoloxía do Museo Municipal "Quiñones de León" para o ano 2017. AXA ART. RCM 5187.	18/01/17	1.936,14 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5907/337. Contratación da póliza do seguro da colección de Arte Galega do Museo Municipal "Quiñones de León" para o ano 2017. AXA ART. RCM 5188.	18/01/17	8.653,64 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5911/337. Contrato menor de servizos para gravación de material para audioguías da exposición "Divino Profano. Cultos, imaxes e significados". MEDIANORTE LOCUTORES PROFESIONALES, S.L.U., CIF: B94073541. RCM 3637.	10/01/17	2.214,30 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5927/337. Xenérica de crédito para gastos diversos de produción da exposición "Hoxe toca o prado". RCM 6516.	20/01/17	5.000,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5909/337. Reserva xenérica de crédito para contratación de traballos especializados. RCM 3635.	10/01/17	1.500,00 €

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5913/337. Contrato menor para mantemento, reparación e conservación da instalación de porta automática. ASCENSORES ENOR, S.A. CIF A36650992. RCM 3711.	11/01/17	299,12 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5912/337. Contrato menor de servizos para mantemento de elevadores no Museo Municipal "Quiñones de León". SCHINDLER, S.A. RCM 5189.	18/01/17	2.018,52 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5914/337. Contrato menor de servizos para mantemento do sistema de climatización do Museo Municipal "Quiñones de León". VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. RCM 4399.	12/01/17	585,72 €
VERBUM (340)	Expte. 2583/340. Reserva de crédito para mantemento de edificio e elementos exposición permanente Verbum. RCM 5857.	19/01/17	2.500,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2584/340. Reserva de crédito para a adquisición de material para a realización de mantementos nas instalacións do Verbum. RCM 5856.	19/01/17	2.000,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2585/340. Reserva de crédito para mantemento de maquinaria e instalación no Verbum. RCM 5858.	19/01/17	3.500,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2592/340. Subministro de queimador para a caldeira do Verbum. VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. RCM 6700.	24/01/17	1.989,70 €
VERBUM (340)	Expte. 2586/340. Reserva de crédito para subministros de combustible caldeira Verbum. RCM 5860.	23/01/17	3.000,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2593/340. Reserva de crédito para comunicacións postais do Verbum. RCM 5859.	19/01/17	150,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2588/340. Mantemento grupo electrógeno, centro de transformación e bombas aux. Achique-bombeo. ELECTRONAVIA. RCM 5875.	19/01/17	714,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2590/340. Mantemento preventivo porta automática situada no garaxe do Verbum. ASCENSORES ENOR, S.A. RCM 5876.	19/01/17	273,99 €
VERBUM (340)	Expte. 2591/340. Contrato de mantemento dos ordenadores Macintosh da exposición permanente do Verbum. MIGUEL ÁNGEL IGLESIAS OTERO. RCM 7106.	25/01/17	5.445,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2587/340. Mantemento do elevador de Verbum. KONE ELEVADORES, S.A. RCM 6698.	24/01/17	1.335,84 €
VERBUM (340)	Expte. 2589/340. Mantemento do sistema de climatización de Verbum. VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. RCM 6699.	24/01/17	960,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

20(69).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NO CALEXÓN DOS CANOS". EXPTE. 2567/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 1/02/17, asinado polo xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de “RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NO CALEXÓN DOS CANOS”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 6 de maio de 2016 co número de expediente 2.567/440 por importe de 49.208,51 € (IVE excluído).

En data 11 de agosto de 2016, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado II-I.c indicado anteriormente.

Dacordo co exposto, proponse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente ““RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NO CALEXÓN DOS CANOS”, cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 2.567/440

Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.

NIF: A28223741

Presuposto de execución material: 41.351-69 €

Presuposto de contrata: 49.208,51 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 5 semanas.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Resíduos.

Clasificación do contratista: Non se exige.

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia técnica: ESINPRO.

Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

21(70).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e once minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez